

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 16 de outubro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. M^a Jesús Lago Rey
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezaseis de outubro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1165).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 30 de setembro de 2015. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1166).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A XESTIÓN PARCIAL DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS SANTA CRISTINA-LAVADORES, ATALAIA-TEIS E COSTEIRA-SAIÁNS. EXPTE. 17066/332.

Dáse conta da proposta do 13.10.15, asinada polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de Contratación celebrada o 07 de outubro de 2015, acordou:

4.- Clasificación

- a) *Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial das escolas infantís municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17066-332)*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de data 29 de setembro de 2015, de “Excluir aos licitadores que se relacionan a continuación en cada un dos lotes seguintes por non acadar a puntuación mínima esixida para os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, que é de 15 puntos”.

- Lote 1: FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANALISES (FESAN) e ANA NAYA GARCIA, S.L.*
- Lote 2: FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANALISES (FESAN) e ANA NAYA GARCIA, S.L.*
- Lote 3: FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANALISES (FESAN), ANA NAYA GARCIA, S.L. e EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS.*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial das escolas infantís municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17066-332)” no seguinte orde decrecente:

LOTE 1: XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “SANTA CRISTINA-LAVADORES”

<i>Empresa</i>	<i>Criterios ponderables mediante xuízos de valor</i>	<i>Criterios avaliábeis mediante fórmulas</i>	<i>TOTAL</i>
<i>COLEGIO LOS MILAGROS SL</i>	<i>24,25</i>	<i>75,00</i>	<i>99,25</i>
<i>AURORA, PILLAR Y ANA SL</i>	<i>18,50</i>	<i>72,26</i>	<i>90,76</i>

PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS SL	17,50	66,66	84,16
CLECE SA	23,75	31,37	55,12

LOTE 2 ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL COSTEIRA-SAIÁNS

Empresa	Criterios ponderables mediante xuízos de valor	Criterios avaliados mediante fórmulas	TOTAL
COLEGIO LOS MILAGROS SL	24,25	75	99,25
CLECE SA	23,75	65,06	88,81
PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS SL	17,50	66,15	83,65
AURORA, PILAR Y ANA SL	18,50	57,65	76,15

LOTE 3 ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL ATALAIA-TEIS

Empresa	Criterios ponderables mediante xuízos de valor	Criterios avaliados mediante fórmulas	TOTAL
AURORA, PILAR Y ANA SL	18,50	75,00	93,50
COLEGIO LOS MILAGROS SL	24,25	67,33	91,58
PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS SL	17,50	70,42	87,92
CLECE SA	23,75	50,16	73,91

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., respecto dos lotes 1 e 2 e AURORA, PILAR Y ANA SL, respecto do lote 3 para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o

seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil e de accidentes que cubra a totalidade das actividades da escola por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Póliza do seguro de danos por sinistros do edificio, por un importe mínimo de 600.000 €.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requiritur ao citado licitador o aboamento de 245,37 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación por cada un dos lotes”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(1167).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA XESTIÓN PARCIAL DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE NAVIA. EXPTE. 17043/332.

Dáse conta da proposta do 13.10.15, asinada polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de Contratación celebrada o 07 de outubro de 2015, acordou:

- a) Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Navia (expediente 17043-332)*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de data 29 de setembro de 2015, de “Excluír aos licitadores FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANALISES (FESAN), ANA NAYA GARCIA, S.L. e EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS por non acadar a puntuación mínima esixida para os criterios avaliados mediante xuízo de valor, que é de 15 puntos”.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación do servizo da

xestión parcial da escola infantil municipal de Navia (expediente 17043-332) no seguinte orde decrecente:

Empresa	Criterios ponderables mediante xuízos de valor	Criterios avaliados mediante fórmulas	TOTAL
COLEGIO LOS MILAGROS SL	24,25	75	99,25
CLECE SA	23,75	73,54	97,29
AURORA, PILAR Y ANA SL	19	72,11	91,11
PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS SL	17,50	60,23	77,73

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e de accidentes que cubra a totalidade das actividades da escola por un importe mínimo de 600.000 euros.
- Póliza do seguro de danos por sinistros do edificio, por un importe mínimo de 600.000 €.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 618,82 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación por cada un dos lotes”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(1168).- PRÉSTAMO TEMPORAL DA OBRA “VIEIROS” DE LUIS GONZÁLEZ PALMA AO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA (CAGC). EXPTE. 5488/337.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 13.10.15, do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e polo secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

No Servizo de Museos Municipais tense recibido un escrito do CGAC (Centro de Galego de Arte Contemporánea), con data de Rexistro de 25 de setembro de 2015, no que se informa da organización dunha mostra individual do artista Luis González Palma que terá lugar no mesmo entre o 12 de novembro de 2015 e o 13 de marzo de 2016 e para a que solicitan o préstamo temporal da seguinte obra:

- Título: Vieiros
- Ano de creación: 1996
- Artista: Luis González Palma
- Técnica: Kodaklit
- Dimensións: 9 elementos de 50,5x55 cm c/u e 10 elementos de 23,2x52,4x14,5 cm c/u
- Valor a efecto de seguro: 12.000 €
- Período do préstamo: do 27 de outubro de 2015 ao 23 de marzo de 2016.

O CGAC achega tamén o relatorio de condicións técnicas (Facility Report) para exposicións no CGAC, no que se describen os datos do equipo de xestión, as características técnicas do edificio os sistemas de seguridade, as condicións das salas de exposicións e as características de manexo e conservación da obras.

Os detalles expostos no Facility Report acreditan que as salas reúnen as condicións adecuadas para acoller a obra solicitada en préstamo temporal e a entidade solicitante (CGAC) ten acredita a súa capacidade de xestión e programación no ámbito das artes plásticas e concretamente na difusión da figura e da obra de Luis González Palma.

Para o Concello de Vigo tamén resulta de interese a participación de obras das súas coleccións en exposicións de centros de arte, como forma de salientar a súa importancia e de divulgar o patrimonio artístico municipal, concretamente o da Colección Fotográfica.

O valor de seguro tomouse da referencia da exposición "Vigovisións, 1986-2000" realizada polo Marco entre o 10 de abril de 2003 e o 8 de xuño de 2003.

DISPOSICIÓNS LEGAIS.

Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

RD 1372/1986, de 13 de xuño, de Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Lei 8/1995, 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

A Lei 8/1995, 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia establece sistemas de protección aplicables a museos e coleccións visitables, polo que a saída de fondos destes centros conleva a autorización previa da Consellería de Cultura. A obra de González de Palma, non está incluída na relación de colección visitables definidas nos art 68 e 69 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia e polo tanto o préstamo temporal desta obra non precisaría da autorización da Consellería de Cultura.

Polo exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura faise a seguinte PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

1.- "Autorizar o préstamo temporal ao CGAC da seguinte obra con destino á mostra individual "Constelacións do intanxible" de Luis González Palma que terá lugar no CGAC entre o 12 de novembro de 2015 e o 13 de marzo do 2016:

- Título: Vieiros
- Ano de creación: 1996

- *Artista: Luis González Palma*
- *Técnica: Kodaklit*
- *Dimensións: 9 elementos de 50,5x55 cm c/u e 10 elementos de 23,2x52,4x14,5 cm c/u*
- *Valor a efecto de seguro: 12.000 €*
- *Período do préstamo: do 27 de outubro de 2015 ao 23 de marzo de 2016.*

2.- *“O préstamo queda condicionado á aceptación escrita, por parte do CGAC, como entidade promotora da exposición, das condicións xerais de préstamo que se achegan ao expediente”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1169).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO “XX EDICIÓN DO CROSS ESCOLAR A.D.CASTRO SAN MIGUEL” O VINDEIRO 18 DE OUTUBRO DE 2015. EXPTE. 13940/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 9.10.15, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A Entidade Agrupación Deportiva Castro San Miguel con CIF (G36657856), solicitou o día 04-03-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150026110) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: XX EDICION DO CROSS ESCOLARA A.D. CASTRO SAN MIGUEL*
- *Data: 18 DE OUTUBRO DE 2015*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar o vindeiro domingo 18 de outubro de 2015, e que se levará a cabo no Parque de Castrelos dende as 9.00h ata as 14.00h, tamén terán ocupado parte do parque o sábado 17 de 16.00h a 21.00h para ultimar a organización da carreira.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Protección civil*
- *Montes, Parques e Xardíns.*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a

aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refíere o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Entidade Agrupación Deportiva Castro San Miguel con CIF (G36657856), a organizar o vindeiro domingo 18 de outubro de 2015, a proba deportiva denominada XX EDICION DO CROSS ESCOLAR A.D. CASTRO SAN MIGUEL, o evento se levará a cabo integramente no Parque de Castrelos comenzando ás 9.00horas e rematando ás 15.00h.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1170).- DAR CONTA DAS NORMAS PARA AS OPERACIÓNS DE PECHE DO EXERCICIO ORZAMENTARIO PARA O ANO 2015.

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, do 6.10.15, pola que se aproban as seguintes normas para operación de peche do exercicio orzamentario 2015:

OPERACIÓNS DE PECHE DO EXERCICIO ORZAMENTARIO 2015

Aplicación: Entidade Local e Organismos Autónomos Administrativos

Expediente nº: 102547/140

A regulación das operacións de peche do exercicio de 2015 en relación co control e a contabilización dos rexistros que se derivan da execución do estado de gastos e ingresos dos orzamentos así como dos movementos non orzamentarios, fai necesario ditar as oportunas instrucións.

Para conseguir os obxectivos, os distintos niveis da Administración para facilitar o peche anual, elaboran e poñen en vigor anualmente unhas instrucións que sirvan ás distintas unidades-servizos xestores como guía para a tramitación dos procedementos administrativos e de execución de fin de exercicio.

O cumprimento dos procedementos de tramitación das obrigas, liquidación de dereitos e recadación dos mesmos, ten como obxectivo o de dar cumprimento ao previsto no artigo 11 e 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, de tal xeito que, os ingresos recoñecidos e recadados aplíquense aos conceptos na súa totalidade antes do peche do exercicio, e o gastos, estéense a computar na súa totalidade aos efectos de verificar si se está a cumprir co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto.

Por outra banda, o non recoñecemento de obrigas devengadas no ano por parte do Concello ou os seus Organismos Autónomos Administrativos, estaría a afectar ao cumprimento do previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, por non estar a contabilizarse a totalidade das obrigas que conforman gasto computable nos termos previstos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e

Rexionais (SEC-2010), polo que, non se estaría a cumprir coa Regra de Gasto nos termos do SEC-2010 (Regulamento 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consejo, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

Tamén se estaría a incumprir con Período Medio de Pago regulamentado no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo e coa Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, esta última en relación co artigo 216 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

En consecuencia co anterior, é de obrigado cumprimento para os servizos xestores, tramitar as operacións que afecten ao cumprimento dos obxectivos previstos na Lei Orgánica 2/2012, dentro do ano 2015, sen excepción algunha.

En cumprimento do regulamentado na Disposición Adicional Sexta das Bases de Execución do Orzamento para o ano 2015, antes de escomezar o mes de novembro, a Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda, dará a coñecer á Xunta de Goberno Local, as normas e prazos de tramitación e peche daqueles expedientes ou operacións que afecten ao orzamento (tramitación de facturas, fondos a xustificar e rendición dos mesmos, expedientes de indemnizacións substitutivas, devolución de ingresos indebidos, anulación de dereitos, tramitación de fases contables, etc.), coa finalidade de garantir o cumprimento dos prazos legais de peche e liquidación dos orzamentos.

Na súa virtude, se dispoñen as seguintes normas:

Tramitación de expedientes de contratos menores

A solicitude de retencións de crédito para a tramitación posterior de facturas dentro do exercicio orzamentario efectuarase ata o día 28 de decembro. Esta data hai que entendela de entrada na unidade de Contabilidade, sempre que se expida o documento contable nesa data. Aquelas retencións de crédito que se rexistrasen e que non fosen obxecto da tramitación da correspondente factura dentro do exercicio económico, quedarán anuladas ao peche do exercicio. Así mesmo, na tramitación destes expedientes se suxeitarán á tramitación electrónica actualmente en vigor, debendo estar asinados electronicamente nas devanditas datas.

En todo caso, tendo en conta a obriga de tramitación da factura electrónica para aquelas contías que superen os 5.000,00 euros e teñan a condición de suxeitos regulados no artigo 4 da Lei 25/2013, na tramitación do expediente terase en conta tal circunstancia, debendo estar rexistrada a factura na plataforma FAcE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas dentro do ano 2015.

En consecuencia co anterior, sendo o prazo límite o do 28 de decembro, será o servizo xestor do expediente, que en atención ao cumprimento dos requisitos legais, estableza un prazo anterior.

Os OO.AA en fase de disolución teñen un procedemento especial que está regulado nestas normas.

Tramitación de documentos contables de autorización e compromiso do gasto

Os expedientes que previa aprobación polo órgano competente, requiran a expedición dos documentos contables en fase D, AD, terán como data límite de entrada en Contabilidade o día 30 de decembro. As unidades-servizos xestores, extremarán as accións de seguimento dos

expedientes que lle afecten e que son obxecto de perfeccionamento nas derradeiras sesións da Xunta de Goberno Local, para a súa remisión á Unidade de Contabilidade dentro do ano e coa data límite establecida para a súa contabilización.

Si non se remitise o expediente fisicamente, alomenos haberá que facelo telematicamente, e posterior entrega física do expediente ou expedientes en cuestión.

De non o facer, no se expedirá a fase contable preceptiva, polo que, o gasto non terá a súa imputación ao orzamento do ano 2015.

Fondos a xustificar

Os fondos expedidos a xustificar con cargo ao orzamento corrente tramitaranse ata o día 28 de decembro, debéndose ter en conta os prazos para a súa rendición que se regulan na instrución de servizo 01/2006, de 24 de novembro. As contas deberán estar rendidas antes do peche do exercicio orzamentario, e dicir, con data límite 30 de decembro, ou hábil anterior, seguindo os procedementos rexistrados que lle corresponde efectuar ao habilitado/a. A xustificación da rendición dentro do ano, é a necesidade legal de incorporar os saldos das mesmas a Acta de Arqueo de final de ano, calesqueira que sexa o importe dos fondos pendentes de xustificar en poder do habilitado/a e o prazo que levan na conta restrinxida de habilitación.

Sen excepción algunha, os pagamentos que deran lugar a algunha retención deberán renderse dentro do ano, para poder ingresalos na Axencia Tributaria na liquidación anual, sendo responsabilidade exclusiva do habilitado, a situación xerada pola retención dun importe no ano e non contabilizado para o seu ingreso dentro das liquidacións fiscais do período.

Todas as contas restrinxidas dos habilitados/as deberán quedar con saldo CERO a finais do ano. Se nalgunha delas houberse algún rendemento financeiro, deberán darse instrucións á entidade financeira para que os traslade ás contas operativas da Entidade antes de rematar o ano.

Os Habilitados/as comprobarán que a súa conta contable non rexistra un saldo impropio (acredor), xa que neste caso, é probable que se estivesen a aplicar pagos á conta da que son responsables, estando os fondos ingresados noutra, ou (saldo debedor cando debería ser Cero), neste caso, pode que se estivesen aplicando os pagamentos á conta doutro habilitado/a.

Para coñecer cales son os erros habituais no tratamento dos fondos a xustificar, deberase ter e conta as instrucións remitidas a todo-los habilitados/as en data 28 de febreiro de 2008.

En relación coas verificacións dos saldos, estarase as normas do Servizo de Contabilidade de data 27 de febreiro de 2008, remitidas aos Sres. Habilitados.

Tramitación de Facturas

Respecto da tramitación de facturas para seu control e contabilización en Fase de execución orzamentaria "O" ou "ADO", recibiranse para a súa imputación ao orzamento corrente ata o día 30 de decembro. Enténdese esta data como límite para que esta Unidade Administrativa de Contabilidade reciba nas súas dependencias os citados documentos. Os citados documentos mercantís ou aqueles que os substitúan e que poidan xerar obrigas para o Concello, se remitirán coa preceptiva documentación acreditativa da prestación e cos demais requisitos que regulan as Bases de Execución do Orzamento (Base 18ª e 19ª) e o Real Decreto 1619/2012.

As unidades xestoras, aos efectos de dar cumprimento ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, ademais de non perder os créditos, tramitarán as facturas dentro do vixente ano orzamentario

(incluídas as prestacións correspondentes aos contratos ata o mes de decembro inclusive), tendo en conta ademais, que os días 24, 26, e 31 de decembro son inhábiles nesta Administración e o 25 e 28 é festivo e domingo. Coa excepción aplicable a determinados investimentos que teñen o seu financiamento afectado, non hai excepcións á tramitación das facturas dentro do ano 2015.

Para os contratos de tracto sucesivo, a prestadora ou subministradora, emitirá a factura igualmente dentro do ano 2015, as diferenzas ou desconformidade con algún dos conceptos contidos na mesma, serán obxecto de regularización na factura de xaneiro do ano 2016. Con respecto a este extremo, con esta mesma data se da a coñecer unha circular sobre o tratamento específico das facturas no mes de decembro.

Polo tanto, en aplicación do principio de Devengo, as unidades xestoras deberán artella-los procesos para tramitar toda as facturas que se correspondan con gastos de prestacións de servizos, subministro ou obras dentro do vixente ano e ata o 30 de decembro.

Non poderá quedar factura algunha sen tramitar. A totalidade dos gastos nos que se houberse incorrido no ano, deberán ter a súa imputación ao orzamento do ano 2015, sen excepción algunha.

De non darse cumprimento a esta instrución, estaríase a incumprir un dos instrumentos legais básicos no ámbito do Sector Público, a Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Os responsables da sinatura de conformidade do servizo, subministro ou obra, ao obxecto de dar cumprimento aos prazos de pagamento (30 días dende a súa aprobación), disporán de cinco días naturais a partires da entrada na plataforma FAcE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou no Rexistro Xeral se fose o caso, para dar conformidade a factura e remitir a mesma para súa fiscalización. En ausencia do responsable, deberase informar quen é o responsable da sinatura. O devandito prazo, non é ampliable en ningunha circunstancia. Si a factura non é correcta, deberase informar motivadamente sobre a desconformidade, e cunha resolución do Sr/a. Concelleira/o Delegado/a, deberase dar de baixa no módulo de tramitación de expedientes e comunicar os motivos da desconformidade a mercantil expedidora da mesma así como á unidade de Contabilidade para cambiar o estado da mesma no rexistro contable de facturas e que poña en coñecemento da plataforma FAcE tal circunstancia, neste caso, de anulación da factura.

Organismo Autónomos en fase de disolución

Todos os subministradores e prestadores de servizos, teñen que facturar ata o día 21 de decembro. Aqueles contratos de tracto sucesivo, facturarán tendo en conta o mes anterior ou as previsións que teñan ata o remate do mes, e as pequenas diferenzas que xurdan, axustaranse na facturación do mes de xaneiro do ano 2016, que será cos códigos seguintes:

Órgano xestor: L01360577

Oficina contable: GE0000575

Educación, que será o aplicable a EMAO: GE0000650

Medio ambiente, que será aplicable a Vigo Zoo: GE0000631

Deportes, que será aplicable ao IMD: GE0000631

Naqueles supostos que non se trate dun contrato de prestación ou subministro de tracto sucesivo, dende a data de referencia non se poderá facer gasto algún que xere factura, salvo que se teña seguro que o pagamento se vai facer dentro do ano 2015.

En consecuencia, en relación cos contratos que xeran mensualmente unha facturación, se deberá facer unha comunicación aos provedores neste sentido.

Todas as facturas deben e teñen que estar pagadas a 31 de decembro de 2015.

Polo tanto, hai unha excepción clara aos límites sinalados con carácter xeral para a tramitación de gastos, fondos a xustificar e tramitación de facturas.

En canto as Ordes de pago por devolución de ingresos indebidos, deben quedar igualmente pagadas. Se existisen de anos anteriores algunha orde de pago por devolución de ingresos indebidos pendente de pago, deberá proporse a súa anulación.

En canto as ordes de pago non orzamentarias por devolución de garantías, ben en metálico ou aval, deberán ser executadas dentro do ano 2015.

En canto as cargas da seguridade social a cargo do empregador, deberán imputarse ao orzamento do ano 2015, quedando a mesma pendente de pago, saldo que será asumido pola Entidade Local. Os límites en canto aos prazos quedan especificados con carácter xeral nestas normas.

En relación cos dereitos pendentes de cobro, se algún dos dereitos recoñecidos estivese prescrito ou tivese que ser dado de baixa, deberá tramitarse o preceptivo expediente de baixa por insolvencia, prescrición ou por baixa/anulación de dereitos antes do peche do exercicio.

Trátase de que os saldos debedores ou acredores nos que teña que subrogarse a Entidade Local estean o máis depurados posible.

En relación cos anticipos ao persoal, non quedará ningún pendente de pago ao final do ano. En relación cos concedidos pendentes de reintegro, estarase ao procedemento que se está a desenvolver para o proceso de integración contable.

O resto das normas que se ditan nesta instrución lle serán de aplicación aos OO.AA.

Xustificantes e rendición de subvencións

As subvencións que as súas Bases e convocatoria contemplan a xustificación das mesmas dentro do exercicio, deberán ser remitidas para a súa comprobación con data límite o día 21 de decembro, aos efectos de subsanar dentro do exercicio calquera defecto na documentación recibida, ben porque os documentos xustificativos non son axeitados ou suficientes, ou por algún incumprimento das Bases e convocatoria das subvencións.

Os responsables das unidades e servizos xestores das axudas e subvencións, tramitarán as xustificacións das mesmas tendo en conta os requisitos establecidos e aprobados para cada caso, sendo da súa responsabilidade ou da/o beneficiario o incumprimento de prazos e defectos na documentación presentada para a xustificación das subvencións.

En todo caso, se a xustificación está prevista no ano, como é o caso de todas as tramitadas, deberán achegarse os xustificantes, en caso contrario, perderán o dereito a mesma.

Se a xustificación non é completa, expedirase a orde de pagamento exclusivamente pola contía que fose aceptada como xustificativa da mesma.

Todas as subvencións outorgadas no ano que non fosen xustificadas dentro do ano, perderán o dereito sobre as mesmas, situación que xa está regulamentada nas Bases de Execución do Orzamento (Base 38ª).

Indemnizacións substitutivas

A tramitación dos expedientes que conteñan procedementos de indemnización substitutiva por actuacións sen procedemento ou omisión de trámites, recibiranse en estas dependencias administrativas para a súa fiscalización e expedición de documento contable "RC" ata o día 14 de decembro, sempre e cando a unidade xestora do expediente, teña capacidade-posibilidade para incluír o asunto na orde do día da Xunta de Goberno Local dentro do ano no que se está a tramitar o expediente, e ademais, con posterioridade ao acordo da Xunta de Goberno, terá que remitirse ao servizo de Contabilidade o expediente, antes do 30 de decembro para a contabilización da Fase ADO, xa que esta é a data límite para efectuar este tipo de operacións (contabilización de facturas), que deberá quedar en fase de ordenación de pago para o seu pagamento en xaneiro do ano 2016.

Os expedientes deste tipo, formaranse e seguirán os procedementos regulados na Base 28ª das de Execución do Orzamento e a Instrución 1/2000, debendo estar completos e en condicións formais e legais de ser tramitados, en caso de non concorrer tal circunstancia, a unidade xestora responsabilizarase do expediente e tramitará, se fose o caso, o mesmo con cargo o exercicio orzamentario seguinte, sempre tendo en conta, que no ano seguinte, a cualificación xurídica do expediente sería outra.

Neste caso, ao existir facturas ou gastos que deberían estar imputados ao orzamento do ano 2015 e non o fixeron, deberá acreditarse esta circunstancia ao Servizo de Contabilidade aos efectos de facer o axuste correspondente sobre gastos devengados non imputados ao orzamento, que terán efectos sobre a estabilidade orzamentaria e sobre o cumprimento da Regra de Gasto, así como sobre o Período Medio de Pagos e morosidade comercial, xa que hai documentos mercantís rexistrados que quedarían contabilizados na Conta 413 que non estarían imputados ao orzamento sobre os que están a correr os prazos legais de pagamento, que poderían dar lugar a que non se cumpriran os prazos de pago.

Devolución de ingresos indebidos con cargo ao orzamento ou por ingresos duplicados ou excesivos

Os expedientes por devolución de ingresos indebidos, tanto de carácter orzamentario como non orzamentario, aprobados no ano, remitiranse a unidade de Contabilidade para a súa contabilización con data límite 21 de decembro. Aqueles que tivesen aprobación no ano natural, pero non fosen tramitados á unidade de Contabilidade para o seu rexistro contable dentro do ano, remitiranse para a súa contabilización con data 2016. En ningún caso quedarán os expedientes con cargo ao Servizo de Contabilidade se non fosen tramitados dentro da data límite que se establece, sendo a unidade xestora do expediente a custodiadora do mesmo ata que se realice a nova remisión.

En relación coas Ordes e pago por devolución de ingresos indebidos, tendo en conta a problemática que xorde para o seu pago no ano seguinte, deberase facer o pagamento das mesmas dentro do ano que se expiden. Contabilidade deberá enviar para Tesourería as ordes de pago por devolución de ingresos indebidos con data límite do 23 de decembro e Tesourería facer o pagamento dentro do ano 2015.

Baixas por anulación de dereitos de exercicio corrente ou pechado. Dereitos cancelados por insolvencias, ou outras causas de exercicio corrente ou pechado.

Os expedientes por anulación de liquidacións, tanto de orzamento corrente como pechados, que houberen sido fiscalizados e aprobados no ano, remitiranse á unidade de Contabilidade para a súa contabilización con data límite 30 de decembro.

Os expedientes que se tramiten para a súa fiscalización e aprobación, e que se pretenda a súa contabilización dentro do ano 2015, deberán ser remitidos, con data límite 23 de decembro, sempre e cando, a unidade xestora do expediente, remita o expediente para a súa contabilización antes do día 30 de decembro.

Aqueles expedientes que tivesen aprobación no ano natural, pero non fosen tramitados ao Servizo de Contabilidade para o seu rexistro contable dentro do ano, coa data límite de 30 de decembro, remitiranse para a súa contabilización con data 2016. En ningún caso quedarán os expedientes con cargo a unidade de Contabilidade se non fosen tramitados dentro da data límite que se establece, sendo a unidade xestora do expediente a custodiadora do mesmo ata que se realice a nova remisión.

O servizo de recadación deberá extremar as cautelas, de tal xeito que se se rexistran baixas en GTWIN correspondente aos acordos adoptados e non se envía o expediente para a súa contabilización na data límite do 30 de decembro, producirase unha falta de conciliación entre SICAP e GTWIN, que xerará unha tarefa en GTWIN de cambio de data dos recibos cargados e non contabilizados en SICAP.

Rexistro e contabilización de dereitos

O servizo de Contabilidade e o de Recadación, verificarán que todos os acordos adoptados, así como as modificacións orzamentarias tramitadas e contabilizadas, teñen o seu preceptivo cargo en recadación, de tal xeito que estea garantida que a información nos distintos módulos é coherente.

Aplicación da Recadación

Aos efectos de garantir que a información correspondente ao cuarto trimestre que hai que render ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, este operativa e utilizable, os servizos de recadación e Contabilidade desenvolverán as súas tarefas e axustes técnicos para que todos os ingresos do ano 2015, calquera que sexa a súa cualificación, estean aplicados dentro dos primeiros 15 días do ano 2016, data límite.

Contabilización de Facturas

Tendo en conta o prazo máximo de entrada das facturas no servizo de Contabilidade (30 de decembro), aos efectos de completar e render a información na plataforma do MINHAP correspondente ao catro trimestre, este servizo fará a contabilización de todos os documentos xeradores de obrigas nos primeiros 15 días do ano 2016, facendo a planificación das tarefas, axuste de calendario e medios para dar cumprimento ao obxectivo.

Anulación de créditos no estado de gastos

Unha vez feitas todas as operacións e, en aplicación do previsto no artigo 175 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os créditos para gastos que o último día do exercicio orzamentario non estean afectos ao cumprimento de obrigas xa recoñecidas, quedarán anulados de pleno dereito, sen máis excepcións que as sinaladas no artigo 182 do TRLRFL.

Así mesmo, os créditos orzamentarios que fosen obxecto de financiamento con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, que xa fosen incorporados ao orzamento do ano 2015, non

poderán ser incorporados de novo ao orzamento do ano 2016 se non se executaron no transcurso do ano 2015.

Recordar igualmente, que os Créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito tramitados no ano 2015, teñen que alomenos chegar a Fase contable "D" dentro do ano, en caso contrario, en aplicación do apartado 2 da Base 8ª das de Execución do Orzamento, non serán incorporables como remanentes de crédito ao Orzamento do ano 2016.

Os créditos dispoñibles ou que estean en fase de retención de crédito que teñan financiamento con cargo a un financiamento cualificado de préstamo, en aplicación do previsto na Base 48ª das de Execución do Orzamento, non serán incorporables como remanentes.

En relación aos créditos afectos a contratos, salvo as excepcións previstas para os investimentos, deberán ser obxecto de execución no ano, de non ser así, as devanditas facturas imputaranse aos orzamentos do ano 2016. En consecuencia, os servizos xestores velarán pola tramitación das facturas en prazo, sempre dentro do ano 2015.

En resumo, os créditos dos capítulos I, II, III, IV, VII e IX que non estean asociados a obrigas recoñecidas, quedarán anulados ao peche do exercicio, ao marxe da fase orzamentaria na que se atopan os créditos.

Os Créditos do Capítulo VI que non estean asociados ao cumprimento de obrigas, tamén quedarán anulados ao peche do exercicio:

Excepcións:

Que teñan financiamento afectado, nese caso, se incorporarán como unha modificación orzamentaria ao orzamento do ano 2016 unha vez que se liquide o orzamento do ano 2015. En todo caso, teñen que ter alcanzado a fase de compromiso do gasto.

Os proxectos financiados co superávit orzamentario do ano 2012, que foron obxecto de modificación orzamentaria no ano 2014, tal e como establece a Disposición adicional décimosexta do TRLRFL, o recoñecemento da totalidade das obrigas derivadas do investimento, deberá realizarse antes do remate do ano 2015, non sendo incorporables ao orzamento do ano 2016.

Non serán incorporables en ningún caso, os créditos que non chegasen á fase de compromiso de gasto.

Os servizos xestores, dando cumprimento as normas internas vixentes, tramitarán as facturas que reciban dentro dos 5 días seguintes ao da súa recepción.

Anulación de RCs, As, As/RCs nos proxectos de investimento.

Aos efectos de que non se produzan coeficientes de financiamento afectado erróneos nos proxectos, aquelas operacións que non vaian ser traspasadas ao ano seguinte, deberán ser obxecto de baixa, mediante a anulación da retención de crédito e da autorización se fose o caso, e facer as operacións MODPYGDI e MODPYIDI pola contía anulada. Se os proxectos non teñen financiamento afectado, non será necesario facer os axustes.

Pagamentos

Aos efectos de dar cumprimento aos prazos de pagamento previstos no artigo 216 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011,

de 14 de novembro e o contido do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, os servizos xestores conformarán e tramitarán as facturas que reciban nos cinco días seguintes a súa recepción.

De non ser conforme a mesma, no mesmo prazo, informarán a desconformidade e proporán ao seu Concelleiro/a Delegada/a a súa devolución-anulación, facendo a notificación á mercantil titular do dereito de cobro, facendo constar na proposta de anulación e na resolución, os recursos aos que ten dereito, prazos e lugar de presentación.

Se a factura tivo a súa entrada a través do Punto Xeral de entrada de facturas electrónicas FACe, se a mesma non é correcta, deberase informar motivadamente sobre a desconformidade, e cunha resolución do Sr/a. Concelleira/o Delegado, deberase dar de baixa no módulo de tramitación de expedientes e comunicar á unidade de Contabilidade tal circunstancia para cambiar o estado da mesma no rexistro contable de facturas (Devolución da mesma por desconformidade (Estado D)) e que poña en coñecemento da plataforma FACe tal circunstancia, neste caso, de anulación da factura.

Pola Tesourería, axustaranse os procedementos de pagamento coa máxima brevidade posible, aos efectos de facer o máximo de pagamentos dentro do ano, tendo como obxectivo, reducir os saldos de créditos comerciais con provedores a finais do exercicio e mellorar o prazo medio de pagamento.

Operacións rexistradas en formalización

As operacións en formalización rexistradas contra calquera das divisionarias da conta 557, terán que quedar saldadas a 31 de decembro, sen excepción algunha, polo tanto, os responsables que teñan ao seu cargo a contabilización de operacións con cargo a este tipo de contas, verificarán o cumprimento deste extremo.

No caso de retencións por incumprimento da xornada laboral, o seu saldo aplicarase ao orzamento de ingresos, cunha operación DR-I cuxo ingreso será mediante un cargo na conta contable 5572.

En canto aos pagos agrupados, se non se vai materializar o pago dentro do ano 2015, non procede facer este rexistro, e o mesmo farase con cargo ao ano 2016.

Verificarase igualmente que non queda saldo na conta contable 5576, para iso verificarase que todas as operacións rexistradas no ano por ADOPRPN, PAGONOM e RETRONOM e si fose o caso RPNOM, están saldadas. De existir saldos de exercicios pechados, hai que investigar a procedencia e terá que ser saldada con outra conta, que por erro foi cargada ou abonada n substitución de esta (antes 579).

Sempre que se rexistre unha operación na que a conta 557 teña cargos ou abonos, comprobarase que a operación queda totalmente pechada.

O tratamento destas contas ten que ser moi rigoroso, xa que o Tribunal de Contas, na rendición da Conta Xeral de cada no, está a tipificar esta situación como incidencia a subsanar, por estar a alterar os saldos das contas de tesourería.

En consecuencia co anterior, cada un que faga uso de estas contas, terá ata o 31 de decembro para regularizar os saldos.

Ingresos pendentes de aplicación

En canto ao saldo de recadación pendente de aplicación ao peche do exercicio, está a ter efectos negativos nas seguintes variables e estados: Estabilidade orzamentaria, Remanente de

Tesourería, Aforro Neto, Endebemento e ratio de recadación orzamentario. Como se pode comprobar, dada a importancia que este saldo pode ter a finais do exercicio, deberá ser un obxectivo da Tesourería, o de facer a aplicación de toda a recadación aos conceptos orzamentarios do orzamento corrente ou pechados segundo o caso, debendo xustificarse os supostos polos que non é posible a aplicación na súa totalidade. Os OO.AA, terán aplicado a totalidade dos ingresos recadados.

Gastos polos cargos Seguridade Social a cargo do empregador do mes de decembro

A obriga de informar da totalidade da xestión orzamentaria e non orzamentaria ao MINHAP dentro do mes de xaneiro, establécense uns prazos para a tramitación e contabilización das facturas, fases contables, recoñecemento de dereitos, aplicación de ingresos, devolución de ingresos indebidos, anulacións e baixas de dereitos, no entanto, un dos gastos orzamentarios importantes ao remate do ano son os gastos da seguridade social a cargo do empregador do mes de decembro, cuxo coñecemento non se ten ao remate do ano, sendo necesario establecer unha data para facer a contabilización deste gasto. En consecuencia, unha vez pechada a nómina do mes de decembro, farase a carga da seguridade social de decembro máis a regularización do mes de novembro, fíxase a data límite do 15 de xaneiro 2016 para a contabilización do gasto de seguridade social do mes de decembro do ano 2015. Naqueles casos que non se teña a carga mediante un ficheiro, se incorporarán a información manualmente, sempre dentro desa data límite.

A regularización do mes de decembro se fará na carga da seguridade social do mes de xaneiro.

A carga do custe do mes de decembro seguirá o procedemento previsto, do que ten coñecemento o responsable da contabilización do capítulo I, sendo a carga unha vez que se faga a correspondente á nómina, polo tanto, unha vez que se faga a imputación e carga dos seguros sociais do mes de decembro a cargo do empregador, tamén se cargará a regularización do mes de novembro.

En canto a regularización do mes de decembro, esta farase no mes de xaneiro, unha vez que se cargue a seguridade social de xaneiro, cargarase a regularización do mes de decembro.

Anticipos feitos ao persoal

Polos servizos técnicos que teñen ao seu cargo a contabilización dos anticipos ao persoal, verificarase que a contía das obrigas que figura na aplicación do orzamento de gastos é coincidente cos dereitos recoñecidos no concepto de ingresos.

Así mesmo comprobarase que non existe dereitos pendentes de ingreso por un período que supere as 24 mensualidades, de tal xeito que unha vez aplicados os reintegros do mes de decembro, non poderán quedar pendentes de reintegro os concedidos no ano 2013.

Notificación

Dese conta destas instrucións a todos os Sres. Concelleiros/as Delegados/as aos efectos da súa comunicación aos Xefes/as de servizo das áreas da súa responsabilidade, Intervención, Secretaría, Asesoría Xurídica, Contratación, Recursos humanos, Contabilidade, Tesourería, Recadación Voluntaria e Executiva, Dirección de ingresos e Organismos Autónomos Administrativos.

No entanto o anterior, estas normas de peche do exercicio orzamentario, xuntamente co oficio relativo á tramitación de facturas do mes de decembro, serán incorporadas a intranet para xeral coñecemento de todos os interesados.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

7(1171).- REVISIÓN ORDINARIA DO PREZO DO CONTRATO DA RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, LIMPEZA VIARIA E DE PRAIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 5522/252.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7.10.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Limpeza, do 29.09.15, conformado polo asesor xurídico de Área de Fomento e polo concelleiro-delegado de dita Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

- i. A entidade mercantil, "Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.", a medio do escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data 17 de abril de 2015, Doc.: 150045492, como adxudicataria do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e limpeza de praias neste Concello, solicitou a décima revisión ordinaria do prezo do contrato que terá efectos na anualidade comprendida entre o 1 de xuño de 2013 e o 31 de maio de 2014.
- ii. En data 26 de febreiro do 2001, o Pleno do Concello de Vigo acordou adxudicar o contrato de concesión do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e de praias do termo municipal de Vigo á mercantil Fomento de Construcciones y Contratas, S.A. en diante FCC.
- iii. En data 8 de maio do 2001 asinouse o contrato entre a Concesionaria e o Concello de Vigo, iniciándose a prestación o día 1 de xuño seguinte, cun prazo contratual de 16 anos e por un importe anual de 13.459.001,06 euros (ive 7% engadido) naquel momento.
- iv. En datas 30/12/2005 e 12/06/2007, a Xunta de Goberno Local aprobou respectivamente a primeira e segunda revisións ordinarias do prezo do contrato, que posteriormente foron corrixidas por acordo do mesmo órgano de data 30/12/2008 no que se aprobou tamén a terceira revisión ordinaria do prezo, resultando uns coeficientes de revisión: $K_{2004}=1,2743$; $K_{2005}=1,340$; e $K_{2006}=1,401$.
- v. En data 7/07/2009 a Xunta de Goberno Local aprobou a renovación de medios materiais e maquinaria adscritos á concesión, cunha inversión de 10.230.000 euros, cuxa cuota de amortización máis financiamento se calcularía para 96 mensualidades (8 anos) a partir do día 1 de abril do 2009, e devengaría a partir do día primeiro do mes seguinte ao da efectiva incorporación dos vehículos.
- vi. En data 4/09/2009 a XGL aprobou a primeira revisión extraordinaria do contrato (ampliación), por un importe de 2.386.704,59 euros/ano (ive 7% engadido) actualizado nese momento co coeficiente de revisión $K_{2006}=1,401$ (o que supón un importe de 1.599.110,99€/ano referido ao ano orixe do contrato).
- vii. En data 4/12/2009 a XGL aprobou a cuarta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2007}=1,4674$ para o período 1/06/2007 a 31/05/2008, do que resultou un prezo do contrato de 19.016.336,73€/ano (non inclúe a ampliación mencionada no punto sexto destes antecedentes).
- viii. En data 30 de xuño do 2010 asinouse o acta de recepción constatando a efectiva incorporación ao servizo de todos os vehículos renovados, de xeito que a partir do día primeiro do mes seguinte (1 de xullo do 2010) procede facturar en consecuencia o novo importe do ter-

mo da amortización máis o financiamento da inversión, calculado en 96 mensualidades e aprobado na XGL de 07/07/2009 por importe de 1.580.685€/ano. Este novo importe, modifica o termo da amortización máis o financiamento que se inclúe no cánon anual, pasando a ser este de 1.897.107,75 euros anuais, dos que 1.580.685€ son polos novos medios incorporados e 316.422,75€ polos medios non renovados que se amortizan a 16 anos dende o inicio do contrato.

- ix. En data 1 de xullo do 2010 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 7% ao 8%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
- x. En data 29/12/2010 a XGL aprobou a quinta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2008}=1,5044$, e con efectos no período 1 de xuño do 2008 ao 31 de maio do 2009.
- xi. En data 2/05/2011 a XGL acordou aboar á empresa concesionaria o importe íntegro do concepto de amortización máis financiamento pola renovación de medios materiais correspondente aos meses de abril do 2009 a xuño do 2010 (15 mensualidades), liquidando en consecuencia a débeda xerada por este concepto ata ese intre dado que o acordo da renovación incluía amortizacións dende o mes de abril do 2009. Cabe lembrar que a partir do día 1 de xullo do ano 2010, a empresa facturou xa mensualmente o importe íntegro da nova amortización.
- xii. En data 23/12/2011 a XGL aprobou a sexta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2009}=1,5435$, resultando un prezo total de 22.670.191,71€/ano iva 7% engadido (22.882.062,67 €/ano, iva 8% engadido), para o período 1 de xuño do 2009 ao 31 de maio do 2010.
- xiii. En data 16/03/2012 a XGL aprobou a segunda revisión extraordinaria do contrato, cunha ampliación do servizo de limpeza en varias rúas da cidade sen custe para o Concello, e eximindo á concesionaria da obriga da construción do Centro ecolóxico ao que viña obrigada por contrato. O novo prezo foi de 22.824.144,67€/ano (iva 8% engadido) con efectos dende o día 1 de xaneiro dese ano 2012.
- xiv. En data 1 de setembro do 2012 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 8% ao 10%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
- xv. En data 27/09/2013 a XGL aprobou a sétima revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2010}=1,6164$ para o período 1/06/2010 a 31/05/2011, do que resultou un prezo do contrato de 24.611.297,02€/ano (IVE 10% engadido).
- xvi. En data 19/12/2014 a XGL aprobou a oitava revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2011}=1,6889$ para o período 1/06/2011 a 31/05/2012, do que resultou un prezo do contrato de 25.622.483,21€/ano (IVE 10% engadido).
- xvii. En data 17/04/2015 a XGL aprobou a novena revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2012}=1,7441$ para o período 1/06/2012 a 31/05/2013, do que resultou un prezo do contrato de 26.392.350,80€/ano (IVE 10% engadido). Este importe descomponse en 8.427.077,61€ de custe para o servizo de recollida de residuos, e 17.965.273,19€ para o servizo de limpeza viaria e praias, consonte cos novos funcionais económicos que operan neste Concello para o ano 2015.

2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño.
- Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexeu o procedemento de contratación.

A posibilidade de revisión de prezos do contrato aparece recollida na cláusula VII do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron o concurso, e que indica o teor literal que a continuación se transcribe:

a) Revisión Ordinaria:

O prezo contractual será obxecto de revisión anual de acordo a seguinte fórmula:

$$\text{Prezo actualizado} = [(Po - \text{Amortización}) K + \text{Amortización}] T$$

Na que:

- *Po = Prezo inicial do contrato IVE excluído.*
- *T = Índice multiplicador que recolle o tipo impositivo do iva aplicable á operación.*
- *K = coeficiente de revisión calculado mediante a seguinte expresión:*

$$K = A (Mt/Mo) + B (Gt/Go) + C (Rt/Ro)$$

Donde A, B e C son coeficientes ponderados de participación (expresados en centesimas), relativos á incidencia porcentual de cada un dos índices correspondentes ós capítulos de persoal (A), combustibles e lubricantes (B) e outros gastos fixos anuais (C).

O concepto Amortización defínese como o “valor do termo constante da renda inmediata post- pagable necesaria para amortizar o capital invertido - obxecto de reversión- en “n” períodos de tempo, ao tanto unitario i, en base a pagamentos mensuais”.

O referido termo representativo da amortización dos investimentos non será obxecto de revisión automática a través da fórmula polinómica; sen embargo si se considerará no prezo do contrato o maior ou menor custo que poida supoñer para o concesionario a renovación do material móbil unha vez transcorrido o seu período de vida útil, así como a correc-

ción que proceda en función do tipo de referencia MIBOR que sexa de aplicación aumentando ou diminuindo a referida cota constante segundo o cadro de amortizacións que para o efecto se elabore.

As diferencias positivas ou negativas entre ámbalas dúas anualidades dará lugar a unha diminución ou aumento do contrato, que terá o seu devengo o día seguinte da entrada en funcionamento dos novos equipos e repercutirase na facturación do mes inmediato posterior á incorporación dos mesmos.

No cálculo da anualidade de amortización para a renovación dos medios técnicos, terase sempre en conta o valor residual obtido pola concesionaria no alleamento dos equipos, que será descontado do novo prezo de adquisición.

Os coeficientes de ponderación entenderanse sometidos as seguintes restricións:

$$A+B+C=1$$

e deben ser determinados polos licitadores nas súas propostas económicas.

Mt/Mo = Índice Xeral correspondente ó incremento real dos custos de persoal obtidos segundo as seguintes expresións $Mt/Mo = Cpn(t) / Cpn(o)$ sendo Cpn o custe medio real para a categoría de peón noite, segundo convenio colectivo nos anos "t" de revisión e "o" do ano que rematou o prazo de presentación de proposicións. A variación anual de este índice non poderá ser superior á que experimente o IPC incrementado en 1,5 puntos.

Gt = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano de revisión (t).

Go = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano da licitación (o).

Rt = Outros gastos, no momento da revisión, calculado por aplicación do IPC nacional correspondente ó mes no que se realiza a revisión.

Ro = outros gastos, no momento da adxudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ó mes no que finalice o prazo de presentación de propostas.

Este sistema de revisión aplicarase ó contrato adxudicado, así como as posibles ampliacións que poidan producirse durante a vixencia deste.

A primeira revisión ordinaria de prezos terá lugar cando transcorra un ano do contrato e executarase o vinte por cento do contrato. Para estes efectos entenderase o prezo do contrato, como o de adxudicación anual multiplicado polo nº de anos da concesión, de conformidade co previsto nos artigos 103 e 104 do RDL 2/2000.

Visto o anterior e dado que xa se teñen aprobado nove revisións ordinarias do prezo do contrato previas a esta solicitude, a última con efectos dende o 1 de xuño do 2012 ao 31 de maio de 2013, procede neste momento tramitar a décima revisión que conforme ao prego de condicións se determina mediante a fórmula:

$$\text{Prezo actualizado} = [(\text{Prezo a orixe} - \text{Amortización}) \cdot K_t + \text{Amortización}] \cdot T$$

$$\text{donde} \quad K_t = A \cdot \frac{M_t}{M_0} + B \cdot \frac{G_t}{G_0} + C \cdot \frac{R_t}{R_0}$$

Os valores dos coeficientes de ponderación fixados polo adxudicatario na súa oferta son:

$$A=0,88; \quad B=0,05; \quad C=0,07$$

3.- DETERMINACIÓN DO COEFICIENTE DE REVISIÓN (Kt)

Para o cálculo do coeficiente de revisión K_t que corresponde neste momento [$K_{2013}=0,88 \cdot (Mt/Mo) + 0,05 \cdot (Gt/Go) + 0,07 \cdot (Rt/Ro)$], determinaránse en primeiro lugar cada un dos compoñentes dos seus sumandos, do xeito que se expón a continuación:

a) Mt/MO

Tal como indica o prego, este compoñente da fórmula de revisión corresponde ao incremento real dos custos de persoal obtidos segundo a seguinte expresión: $Mt/Mo = Cpn(2000)/Cpn(2013/2014)$, sendo $Cpn(2000)$ o custe de persoal para a categoría peón na quenda de noite no ano en que remata o prazo para presentación de ofertas (novembro do ano 2000), cuxo importe é de 22.768,63 euros, e o Cpn para a mesma categoría no ano de revisión que comprende o período xuño a decembro do 2013 e xaneiro a maio do 2014.

Para a obtención do Cpn no ano de revisión, dado que dito período contén parte do custe dese concepto de dúas anualidades "naturais" diferentes (2013 e 2014), deberase calcular un custe medio nese intervalo. Este custe medio obterase aplicando ao custe do concepto a revisar, $Cpn(2000)$ ano "orixen", o incremento acumulado do IPC, dende o ano de adxudicación, ata decembro de 2013 e decembro de 2014 respectivamente, mais 1,5 puntos porcentuais como máximo. Obtense deste xeito un custe anual (CPN_{ano}) para cada un dos anos, que posteriormente, e segundo o número de mensualidades de cada un dos anos que comprende o período de revisión (7 mensualidades do ano 2013 e 5 mensualidades do ano 2014), obterase o custe medio que se utilizará para calcular o incremento producido con respecto ao custe peón no ano de finalización de presentación de ofertas "orixe".

O feito de que se aplique o incremento do IPC ata o mes de decembro de cada un dos anos que comprende o período de revisión, obedece a que tal como se recolle no PCA que rexeu a contratación, a comparación entre custes deste concepto Cpn , realizarase entre o custe a orixe e o custe do período de revisión, e este custe obtense, tal como se recolle no Convenio Colectivo da Empresa, por aplicación do IPC "real do ano", ao custe da anualidade anterior. Como vemos é o "IPC real" do ano en cuestión o que se aplica para obter o custe salarial, e non o IPC das doce mensualidades inmediatamente anteriores, tal como sucede en outros contratos.

O cálculo efectúase do seguinte xeito:

- Incremento IPC ata decembro de 2001: 10,03%	=	factor: 1,1003.
- Incremento dec 2001/2002 + 1,5 puntos : 5,5%, incremento acumulado		1,1608.
- Incremento dec 2002/2003 + 1,5 puntos : 4,1% incremento acumulado		1,2084.
- Incremento dec 2003/2004 + 1,5 puntos : 4,7 % incremento acumulado		1,2652.
- Incremento dec 2004/2005 + 1,5 puntos: 5,2 % incremento acumulado		1,3309.
- Incremento dec 2005/2006 + 1,5 puntos: 4,2% incremento acumulado		1,3867.
- Incremento dec 2006/2007 + 1,5 puntos: 5,7 % incremento acumulado		1,4659.
- Incremento dec 2007/2008 + 1,5 puntos: 2,9 % incremento acumulado		1,5084.
- Incremento dec 2008/2009 + 1,5 puntos: 2,3% incremento acumulado		1,5431.
- Incremento dec 2009/2010 + 1,5 puntos: 4,5% incremento acumulado		1,6125.
- Incremento dec 2010/2011 + 1,5 puntos: 3,9% incremento acumulado		1,6754
- Incremento dec 2011/2012 + 1,5 puntos: 4,4% incremento acumulado		1,7492
- Incremento dec 2012/2013 + 1,5 puntos: 1,8% incremento acumulado		1,7807
- Incremento dec 2013/2014 + 1,5 puntos: 0,5% incremento acumulado		1,7896

Custe peón noite (convenio) entre xuño- decembro de 2013 (7 meses):
 $22.768,63 \times 1,7807 \cdot 7/12 = 23.650,53$ euros.

Custe peón noite (convenio) xaneiro- maio 2014 (5 meses):

$$22.768,63 \times 1,7896 \cdot 5/12 = 16.977,70 \text{ euros.}$$

Custe medio peón (Cpn) para o periodo de revisión (xuño 2013/ maio 2014) sería:

$$23.650,53 + 16.977,70 = 40.628,24 \text{ euros anuais.}$$

Se este custe medio calculado (40.628,24) o dividimos polo custe para a mesma categoría no ano orixen (ano 2000), cuxo importe era de 22.768,63 euros, o compoñente da fórmula Cpn (2000)/Cpn (2013/2014) resulta:

$$Mt/M0 = 1,7844 \quad (40.628,24 / 22.768,63)$$

Procede neste intre realizar unha comprobación para verificar que o custe así calculado é igual ou inferior ao custe real soportado pola concesionaria, dado que o incremento IPC+1,5% é o máximo permitido polo prego, pero o custe real podería ser inferior polo que a revisión debería recoller este suposto.

O custe do peón noite para a empresa no ano 2014 ascende a 45.036,34€, o que representa un 97,80% de incremento sobre o inicial, mentras que o límite do IPC+1,5 está no 78,96% desde a orixe. Como se pode apreciar, o incremento revisado é inferior ao soportado pola empresa o que demostra que a subida salarial dos traballadores é superior ao límite contractual (IPC+1,5%). Procede polo tanto revisar o prezo do contrato conforme ao máximo permitido no contrato no referente ao incremento dos custes de persoal.

b) Gt/Go

Go corresponde ó incremento do custe medio ponderado do combustible para o ano de licitación (2000), cuio valor é 0,702, e Gt ao custe medio ponderado do combustible para o ano de revisión (2013/2014).

Obtense este valor do prezo medio mensual do combustible publicado polo Ministerio de Industria, de xeito que:

Mes	Precio mes
Junio 2013	1,3341
Julio 2013	1,3546
Agosto 2013	1,3651
Setembro 2013	1,3847
Outubro 2013	1,3551
Novembro 2013	1,3421
Decembro 2013	1,3544
Xaneiro 2014	1,3421
Febrero 2014	1,3390
Marzo 2014	1,3250
Abril 2014	1,3241
Maio 2014	1,3227

$$\text{MEDIA} = 1,34525$$

polo tanto o valor do coeficiente resulta:

$$Gt/Go = 1,9164 \quad (1,3453 / 0,702)$$

c) Rt/Ro

Rt son outros gastos no momento de revisión, calculados por aplicación do IPC nacional correspondente ao mes no que se realiza a revisión (xuño do 2013), e Ro outros gastos no momento da adxudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ao mes no que finalice o prazo de presentación de proposicións (novembro do 2000).

Da páxina oficial do Instituto Nacional de Estatística obtemos a variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC base 2011 dende Novembro de 2000 ata xuño do 2013, igual a 39,9%

$$Rt/Ro = 1,399.$$

d) Determinación do coeficiente de revisión (K_{2013}):

O coeficiente de revisión para a anualidade a revisar (xuño 2013/2014), tendo en conta os valores dos coeficientes de ponderación fixados na oferta do adxudicatario A=0,88; B=0,05; C=0,07, resulta:

$$K_{2013} = (0,88 \times 1,7844) + (0,05 \times 1,9164) + (0,07 \times 1,399) = 1,764017007.$$

Este valor debe aproximarse a cinco cifras significativas como máximo, para que sexa manexable e uniforme á hora de realizar os cálculos da revisión do prezo, xa que por mor dos importes que se manexan, os redondeos inflúen no resultado final. Así:

$$K_{2013} = 1,7640.$$

4.- DETERMINACIÓN DO PREZO A DESCONTAR POLA NON CONSTRUCCIÓN DO CENTRO ECOLÓXICO:

Dado que en data 16 de marzo do 2012, a XGL acordou exonerar á empresa concesionaria da construción do centro ecolóxico, con efectos dende o día 1 de xaneiro dese ano 2012, e devolvendo así mesmo os importes percibidos por este concepto ata ese momento, é preciso descontar do prezo que se calcule pola fórmula de revisión, o importe que corresponde á non construción do centro ecolóxico, pero mantendo os custes de persoal que o acordo non modifica.

Na orixe do contrato, o centro ecolóxico tiña uns custes anuais en execución material de:

Para determinar o prezo a descontar en execución por contrata, debemos eliminar o importe do persoal que non se modifica, aplicarlle os coeficientes de actualización calculados anteriormente a cada un dos restantes importes, engadirlle os gastos xerais 6%, o beneficio industrial 2%, e aplicarlle o tipo impositivo do IVE vixente en cada momento.

Deste xeito resulta:

$$Z_t = [35.028,31 + Gt/Go \cdot 2.392,80 + Rt/Ro \cdot 8.768,84] \cdot [1+(0,02+0,06)] \cdot T$$

que aplicado ao ano de revisión é:

$$Z_{2013} = [35.028,31 + 1,9164 \cdot 2.392,80 + 1,399 \cdot 8.768,84] \cdot [1+(0,02+0,06)] \cdot 1,10$$

$$Z_{2013} = 61.635,15€$$

5.- CÁLCULO DA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO:

Consonte co recollido na fundamentación xurídica deste informe, procede unha nova revisión ordinaria do prezo para o período 1 de xuño do 2013 a 31 de maio do 2014, calculada coa fórmula polinómica e os coeficientes especificados anteriormente, e descontando a non construción do centro ecolóxico por estar eximida a empresa tal como figura nos antecedentes.

A partir do 1 de xullo de 2010, produciuse a incorporación dos medios renovados o que implicou a introducción da nova cuota do termo da Amortización máis o Financiamento: 1.897.107,75€/ano.

O tipo do imposto sobre o valor engadido é do 10% para o período de revisión, polo que o novo prezo será:

$$\text{Prezo} = [(12.578.505,66 - 1.466.456,75) \cdot 1,7640 + 1.897.107,75] \cdot 1,10 = 23.648.638,23\text{€/ano}$$

O prezo a descontar pola non construción do centro ecolóxico resultou:

$$Z_{2013} = 61.635,15\text{€/ano}$$

de xeito que:

$$P_{(1/6/2013 \text{ a } 31/5/2014)} = \text{Prezo} - Z_{2013} = 23.648.638,23 - 61.635,15 = 23.587.003,08 \text{ €/ano (ive 10\%)}$$

6.- CALCULO DA REVISION DE PREZOS DA AMPLIACIÓN DO CONTRATO

A efectos de revisión de prezos, deberase ter en conta a ampliación do contrato (revisión extraordinaria) aprobada na XGL de 04/09/2009, por un importe total de 2.386.704,59 euros/ano (IVE 7% engadido), con efectos a partir do 1 de outubro de 2009.

O desglose do importe total da ampliación segundo se desprende do acordo de aprobación foi o seguinte:

- Custes de explotación: 2.206.152,44 €
- Amortización: 24.412,61 €
- IVE (7%): 156.139,55 €

O cálculo de dita ampliación foi efectuado co coeficiente de revisión vixente nese momento que correspondía ao período de revisión: xuño 2006-maio 2007, cun coeficiente: $K_{2006}=1,401$.

Para determinar á revisión do importe, calcularemos os custes de explotación a prezos de orixe do contrato e posteriormente aplicaremoslle o coeficiente de revisión proposto para o período de actualización (xuño 2013-maio 2014), que segundo o calculado neste informe é de $K_{2013}=1,7640$.

O prezo revisado da ampliación, dende o 1 de xuño de 2013 ao 31 de maio de 2014 será o seguinte:

$$P_{\text{amp}} = [2.206.152,44 \cdot 1,7640/1,401 + 24.412,61] \cdot 1,10 = 3.082.398,62 \text{ €/ano.}$$

7.- UNIFICACIÓN DOS IMPORTES E DETERMINACIÓN DO CANON ANUAL.

Á vista do anterior, o canon anual do contrato de recollida de RSU, limpeza urbana e limpeza de praias, no período que media entre o día 1 de xuño do 2013 e o 31 de maio do 2014 é:

$$\text{Canon revisado} = 23.587.003,08 + 3.082.398,62 = 26.669.401,71\text{€/ano (ive 10\%)}$$

A partir do 1 de xuño do 2014 procederá unha ou varias novas revisións ordinarias do prezo do contrato que mentres non se acorden polo órgano competente, prorrogarase o prezo anteriormente calculado, coas variacións que as modificacións no imposto sobre o valor engadido e outros aspectos veñan a obrigar.

Consonte cos novos funcionais económicos que operan neste Concello para o ano 2015, o canon descomponse en dúas partes correspondentes unha ao servizo de recollida de lixo e outra á limpeza viaria:

- | | | | |
|-----|--------------------|-----------------|-----------------------------|
| i. | Recollida de lixo, | funcional 1621, | importe: 8.515.539,96€/ano |
| ii. | Limpeza viaria, | funcional 1630, | importe: 18.153.861,74€/ano |

Estes importes supoñen unha diferenza con respecto aos vixentes de:

- Canon, importe: 277.050,91€/ano
- Recollida de lixo, importe: 88.462,35€/ano
- Limpeza viaria, importe: 188.588,55€/ano

8.- CÁLCULO DE ATRASOS

Os atrasos adebedados á empresa concesionaria calcúlanse pola diferenza entre o importe realmente facturado e o importe que lle corresponde polo resultado da actual revisión de prezos, computado nos meses que median entre o inicio do período de revisión e ata o día 31 de decembro do ano 2014. Non se consideran como atrasos as cantidades non facturadas por calquera motivo no ano en curso 2015.

Neste período a empresa facturou ao concello polo servizo prestado co IVE do 10% engadido a razón de 26.392.350,80€/ano (2.199.362,57€/mes) conforme ao prezo aprobado pola XGL de 17/04/2015. Este importe xa engadía o desconto pola non construción do Centro Ecolóxico acordado na XGL de 16/03/2012, e a nova cuota de A+F pola renovación de medios.

Conforme aos cálculos realizados nesta proposta, o prezo que lle correspondía á empresa nese período é de 26.669.401,71 €/ano (2.222.450,14€/mes), polo que a diferenza para dezanove meses é de:

$$(26.669.401,71 - 26.392.350,80) \cdot 19/12 = 438.663,93\text{€ (ive 10\% engadido)}$$

dos que a imputación a cada partida económica é:

- | | | | |
|-----|--------------------|-----------------|----------------------|
| I. | Recollida de lixo, | funcional 1621, | importe: 140.065,39€ |
| II. | Limpeza viaria, | funcional 1630, | importe: 298.598,54€ |

Polo exposto anteriormente, previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local deste Concello, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

1º.- Aprobar a 10ª revisión ordinaria do prezo do contrato de concesión do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza urbana e de praias do termo municipal de Vigo, cuxa adjudicataria é a empresa Fomento de Construcciones y Contratas, S.A., fixando un coeficiente de revisión a partir do día 1 de xuño de 2013 en $K_{2013} = 1,7640$,

2º.- Aprobar un novo prezo revisado para o contrato de 26.669.401,71€ (ive 10% engadido) para o periodo 1 de xuño do 2013 a 31 de maio do 2014. Este importe divídese nos conceptos de recollida de lixo e limpeza viaria cos seguintes importes:

- i. Recollida de lixo, importe: 8.515.539,96€/ano
- ii. Limpeza viaria, importe: 18.153.861,74€/ano

3º.- Establecer como prezo actualizado do contrato para o ano 2015, pendente das revisións que correspondan no futuro, o de 26.669.401,71€/ano (IVE 10% engadido), dos que 8.515.539,96€/ano son en concepto de Recollida de lixo, e 18.153.861,74€/ano son en concepto de limpeza viaria.

4º.- Recoñecer á empresa concesionaria, en concepto de atrasos pola diferenza do prezo revisado co prezo realmente facturado entre os meses de xuño do 2013 e decembro do 2014, o importe de 277.050,91€, dos que 140.065,39€ corresponden ao concepto de Recollida de lixo e imputaranse á partida orzamentaria do servizo de limpeza 1621..2270000, e 298.598,54€ corresponden ao concepto de limpeza viaria e imputaranse á partida orzamentaria do servizo de limpeza 1630..2270000, do vixente orzamento municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1172).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DEFICIT DE ATENCIÓN "ANHIDA" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL (XANEIRO-OUTUBRO 2015). EXPTE. 7157/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 30.09.15 e informe de fiscalización de 07.10.15, dáse conta do informe-proposta da técnico de Xestión de Participación Cidadá, do 9.10.15, conformado polo xefe de dito Servizo, polo concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 02/09/2015, D. Ricardo García Díaz, en calidade de presidente da Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" (CIF: G-36938272), segundo certificación expedida pola secretaria da entidade con data 01/09/2015, achegou escrito (doc.150111438), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o financiamento dos gastos de mantemento do local da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para o 2015, en concreto, para as levadas a cabo entre o 01/01/15 e o 31/10/15.

Segundo o art. 22.2º dos Estatutos da asociación, a facultade para "representar legalmente á Asociación ante calquera organismo público ou privado", correspóndelle ao presidente, elixido como tal na Asemblea Xeral Extraordinaria da entidade celebrada o 13/06/2014, segundo certificación da secretaria de data 31/08/2015.

Con data de 30/09/2015, o Secretario da Administración Municipal emitiu informe xurídico favorable á proposta de convenio.

Asemade, o expediente foi fiscalizado favorablemente polo servizo de Intervención con data 07/10/2015.

Por último, a técnica que subscribe da traslado, para o seu coñecemento, das conclusións expostas polo servizo de Intervención no seu informe, en relación co carácter excepcional desta forma de concesión de subvención e da necesidade, de ser a vontade de seguir a subvencionar as actividades desta entidade, de incorporar a subvención ao Orzamento como subvención nominativa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. NORMATIVA APLICABLE

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP-PAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL) e Real Decreto 500/1990
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG)
- Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Bases de execución do presuposto, aprobado por acordo plenario de 13/06/2014 (expte: 27/142) e prorrogado en virtude de resolución do Alcalde de data 22 de decembro de 2014.
- Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de data 26/03/1992, modificado por acordo de 31/03/1993

2. COMPETENCIA MUNICIPAL

A Constitución proclama, no seu artigo 137, que os municipios gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. Deste xeito, un dos piares fundamentais da autonomía local é de carácter obxectivo ou material, e se concreta na clara atribución e determinación de competencias do ente local.

En virtude da competencia estatal sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o sistema de determinación das competencias locais, ven regulado, a nivel básico, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBR), nos seus artigos 2, 7, 25, 26 e 27, na redacción dada aos mesmos pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

O artigo 2 da citada norma dispón que, para a efectividade da autonomía local constitucionalmente garantida ás Entidades Locais, as leis do Estado ou das Comunidades Autónomas, reguladoras dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberán asegurar aos municipios o seu dereito a intervir en

cantos asuntos afecten ao seu círculo de intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública e a capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia e con estrita suxeición á normativa de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

O artigo 25 enumera, no seu apartado 2º as materias sobre as que o municipio exercerá competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das CC.AA. Polo tanto, non contén un listado concreto e determinado de competencias municipais, senón as materias cuxa concreción competencial se difire ao lexislador ordinario, estatal ou autonómico.

Polo que se refire á materia que nos ocupa, non existe, no citado artigo 25 da LRBL ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Así, unha das principais funcións do Servizo de Participación é o fomento das actividades e actuacións das entidades de ánimo de lucro inscritas no RMA, que cumpran os requisitos legalmente establecidos, fomento que se canaliza anualmente a través da convocatoria pública de subvencións e por medio da formalización de convenios de colaboración, como é o caso do convenio obxecto da presente tramitación, que se ven celebrando nos últimos anos, tal e como se desprende dos expedientes nº 5784/320 (2012), 6074/320 (2013) e 6578/320 (2014)

3. RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

A concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerese polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal prorrogado e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En cumprimento do disposto nos art. 65.3 da LXS e 26.2 a) da LSG e das Bases de execución do presuposto, apartado 38ª.4.2 das BEP, o texto do convenio que se achega para a súa aprobación contén, a lo menos, os seguintes extremos:

- determinación do obxecto da subvención*
- réxime xurídico aplicable*
- beneficiarios e modalidade de axuda*
- crédito orzamentario*
- compatibilidade ou incompatibilidade con outras axudas*
- prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario e forma de pago*

Polo que se refire aos órganos competentes para a concesión das axudas, si ben, tanto a Lei 38/2003 como a Lei 9/2007, nos seus respectivos artigos 3, contemplan no seu ámbito obxectivo de aplicación, ás entidades locais, ao mesmo tempo, remiten a regulación dos concretos órganos competentes para a concesión das subvencións, no ámbito local, á normativa específica integrada pola lexislación de réxime local (artigos 7.4 da Lei 38/03 e 10.4 da Lei 9/07).

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, que no seu apartado 1.3º, dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”.

Ademais, en virtude do disposto no apartado 4.18º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015 se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos convenios de colaboración que deban subscribirse con entidades privadas, e que teñan por obxecto a concesión dunha subvención municipal que financie en parte unha iniciativa, proxecto ou actividade de interese público municipal que complementen os servizos municipais. Finalmente, o convenio será asinado polo Alcalde ou concelleiro en quen delegue, en representación do Concello de Vigo.

4. MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

O artigo 22.2.c) da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS, en adiante), posibilita a concesión directa daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario. Neste caso, tratase de fomentar a salvagarda dos dereitos dos nenos con hiperactividade e déficit de atención, a mellora da súa calidade de vida e integración na sociedade, organizando e realizando toda clase de actividades educativas, asistenciais, formativas... que garanten a atención especializada que requiren.

A subvención obxecto do presente expediente canalizarase, de conformidade co art. 26.1 da Lei 9/07, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG, en adiante), a través de convenio.

Consultado os arquivos da Oficina de Participación Cidadá, consta que a beneficiaria da subvención, a Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 889/04, segundo Decreto de Alcaldía de data 08/10/04.

5. OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Tal e como se desprende do art. 2.1.b) e c) da LXS enténdese por subvención toda disposición de diñeiro realizada, neste caso, pola Administración Local, a favor de persoas públicas ou privadas que cumpra, entre outros, o requisito de “que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, execución dun proxecto, realización dunha actividade, a adopción

dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver...”, “... que teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública” e que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.

Neste caso, o obxecto do convenio e o fomento das actividades programadas pola entidade para o para o período do 01/01/15 ó 31/10/15, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público e social.

Segundo recolle o art. 5 dos Estatutos da Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", entre os fins e actividades da entidade, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- ✓ Defender e salvagardar os dereitos das persoas con hiperactividade e déficit de atención.*
- ✓ Mellorar a calidade de vida das persoas obxecto da súa atención.*
- ✓ Facilitar a integración destas persoas na sociedade, detectando e prevendo condutas antisociais.*
- ✓ Potenciar e axudar no seu crecemento e maduración persoal.*
- ✓ Dar apoio, orientación e información ás familias afectadas.*
- ✓ Fomentar o estudio da hiperactividade e de déficit de atención.*
- ✓ Informar, á sociedade en xeral, das características especiais desta problemática.*
- ✓ Potenciar o movemento asociativo de país e familiares afectados.*
- ✓ Solicitar a colaboración e cooperación a organismo públicos e privados, nacionais e internacionais, para a consecución dos seus fins.*
- ✓ Organizar e realizar actividades educativas, asistenciais, benéficas e de formación, necesarias para garantir a atención especializada que se requira (...).*

Tal e como se sinalou anteriormente, nos termos contemplados no art. 72 LRBRL, “as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños, facilitándolle a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades, impulsando a súa participación na xestión da Corporación...”.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovelas activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia, no termo municipal, de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto de ámbitos territoriais como sectorial, as cales, pola súa implantación nos barrios e parroquias e o seu compromiso no desenvolvemento dunha gran diversidade de actividades asistenciais, integradoras, reivindicativas, veciñais, festivas, deportivas, culturais, educativas, etc., acadan o propósito de implicar a poboación na proposta e detección de solucións a diferentes problemáticas sociais e urbanas, establecendo canais de cooperación co Concello na consecución do progreso socioeconómico da cidade, a través de proxectos máis amplos que conxuguen as vontades individuais co servizo á comunidade.

Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio

ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter socioasistencial e sanitario que redundan no beneficio da cidadanía.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", para subvencionar os gastos de mantemento do local social necesarios para levar a cabo as actividades socioasistenciais, formativas e de integración social programadas pola entidade para o ano 2015, en definitiva, para o fomento das súas actividades.

Desta vontade común entre o Concello e a asociación, nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

6. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

Entre os recursos para o financiamento de actividades a entidades sen ánimo de lucro, figura no vixente orzamento municipal prorrogado, a partida presupostaria nº 9240 4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro", dotada con 40.000 €.

A contía do presente convenio é de 4.000 € (catro mil euros).

7. DOCUMENTACIÓN

a) A entidade solicitante da subvención está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) no epígrafe 1.1 denominado "Asistencia e saúde: socioasistencial, intervención social", co número 889/04, cumprindo así co requisito establecido no art. 12 do Regulamento de Participación Cidadá de 1992 (acordo plenario de 26/03/92) e co disposto no art. 236.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro (ROF), que condicionan, primeiramente, a percepción de calquera subvención á previa inscrición da interesada no RMA.

b) A Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", segundo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
2. Declaración responsable, de data 31/08/2015 de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1- Proxecto de actividades da entidade para o ano 2015, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos de mantemento do seu local social (Achégase tríptico). O orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL (xaneiro-outubro 2015)	
Aluguer local social	15.000,00 €
Electricidade	1.250,00 €
Auga	250,00 €
TOTAL	16.500,00 €

2. Solicitude expresa da asociación, de formalización do convenio co Concello de Vigo, representada polo seu presidente, D. Ricardo García Díaz, de data 02/09/15
3. Certificado da secretaria da entidade de renovación de membros da Xunta Directiva (válida ata o ano 2018), e de número de persoas asociadas: 301
4. Certificado expedido pola secretaria da entidade, DE 01/09/2015, de encomenda da solicitude, tramitación e sinatura do convenio na persoa de D. Ricardo García Díaz, do que se acompaña fotocopia de DNI.
5. Memoria de actividades realizada durante o ano 2014, acompañada do correspondente balance económico de ingresos e gastos
6. Previsión de gastos e ingresos para o 2015
7. Número de conta corrente 2080 5053 61 3040021147 de ABANCA, segundo certificación de código conta cliente, emitida pola entidade bancaria o 14/01/2015
8. Fotocopia do CIF da entidade solicitante.
9. Autorización do representante legal da entidade, de data 31/08/2015, para que a Administración concedente poida solicitar directamente á AEAT, por medios telemáticos, o certificado de non ter débedas pendentes coa Administración Tributaria Estatal.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

8. ANTICIPO

De conformidade co art. 31.6 da LSG, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

No momento da solicitude, deberá achegarse declaración responsable, segundo a cal a asociación non incorra en ningunha das prohibición ou circunstancias deste precepto: concurso de acredores, insolvencia, intervención xudicial, inhabilitación, quebra..., de conformidade co art. 31.6 LSG.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA".

9. COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 19.2 da LXS, o convenio contempla expresamente a compatibilidade da axuda con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar, á concellería de Participación Cidadá, a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien o proxecto subvencionado, debendo efectuarse, a dita comunicación, no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos (artigo 14.1.d) da LXS)

O apartado 3º do artigo 19 da LXS sinala que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividades subvencionada, en cuxo caso, procedera o reintegro do exceso obtido sobre o custe do proxecto subvencionado, xunto cos intereses de demora, unindo as cartas de pago á correspondente xustificación, de acordo co art. 37.3 da LXS e o art. 34 do RLXS.

En todo caso, no momento de xustificación da subvención deberá achegar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia acompañada das correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción das mesmas, conforme se indica na cláusula novena do convenio.

10. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

10.A PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

De conformidade coa Base 38ª.4.2 das BEP, o convenio deberá incluír, entre outros extremos, o prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario.

Son gastos subvencionables, segundo o art. 31 da LXS, os que de maneira indubidable responden á natureza do proxecto subvencionado, que resulten estritamente necesarios e que se realicen entre o 01/01/15 e o 31/10/15.

Segundo o disposto no art. 31.5 da LSG, o pagamento da subvención realizarase logo da xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 31 de outubro de 2015.

A Base 38ª.11 das BEP establece que “As Bases da convocatoria terán que regular a xustificación das axudas no mesmo ano que se outorgan, o prazo de xustificación non será despois da segunda semana de decembro, e a súa remisión a Intervención Xeral para a súa fiscalización, non será despois do prazo que en cada caso establezan as normas xerais de peche que se aproban anualmente”.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a documentación e información estipulada na Pacto 8º do convenio (solicitude de abono, memoria das actuacións, memoria económica, etc.)

10.B. FORMA DE PAGO

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5053 61 3040021147 (ABANCA).

De non xustificar a subvención na forma e prazo establecido ou no caso de xustificación insuficiente, producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da mesma, tal como dispón o art. 31.5 da LSG e Base 38ª.8 das BEP.

11. SUBCONTRATACIÓN

En aplicación do disposto no artigo 29.2 da LXS, o convenio contempla expresamente que a entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio, quedando fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

12. SINATURA DO CONVENIO

O convenio será asinado, en representación do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), por D. Abel Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde e, en representación da Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" (CIF- G-36938272), por D. Ricardo García Díaz (36073842K), en calidade de presidente.

13. NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de RXAP e PAC.

Por outra banda, a presente subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co artigo 18.1 da LXS.

14. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto anteriormente e do informe xurídico de data 30/09/2015 e informe de fiscalización económica de 07/10/2015, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18 da Resolución de delegacións do Alcalde de data 19/06/15, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. - **AUTORIZAR** e **DISPOR** o gasto por importe de 4.000 € (catro mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro", incluída no vixente orzamento municipal prorrogado, a favor da entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA".

SEGUNDO. - **APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" (CIF- G-36938272), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o período comprendido entre xaneiro e outubro de 2015, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 4.000 € (mil euros).

TERCEIRO. - **NOTIFICAR** o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dítar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DÉFICIT DE ATENCIÓN "ANHIDA", PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, REALIZADAS ENTRE XANEIRO E OUTUBRO DE 2015, MEDIANTE A AXUDA NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil quince

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Ricardo García Díaz, con DNI 36073842-K, en calidade de Presidente da Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" (CIF: G-36938272), con domicilio social na Rúa Antón Beiras, 8, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 7157/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento e apoio á atención e integración social, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, sociais, benéficas, educativos, formativos, así como, a información, promoción e organización de accións encamiñadas orientadas á defensa dos dereitos das persoas con necesidades especiais, sendo a Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

III.- Que a entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", de conformidade co art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender e salvagardar os dereitos das persoas con hiperactividade e déficit de atención.
- ✓ Mellorar a calidade de vida das persoas obxecto da súa atención.
- ✓ Facilitar a integración destas persoas na sociedade, detectando e prevendo condutas antisociais.
- ✓ Potenciar e axudar no seu crecemento e maduración persoal.
- ✓ Dar apoio, orientación e información ás familias afectadas.
- ✓ Fomentar o estudio da hiperactividade e de déficit de atención.
- ✓ Informar, á sociedade en xeral, das características especiais desta problemática.
- ✓ Potenciar o movemento asociativo de país e familiares afectados.
- ✓ Solicitar a colaboración e cooperación a organismo públicos e privados, nacionais e internacionais, para a consecución dos seus fins.
- ✓ Organizar e realizar actividades educativas, asistenciais, benéficas e de formación, necesarias para garantir a atención especializada que se requira (...).

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 08/10/04, a Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 889/04.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" leve a cabo os seus proxectos e actividades planificadas para o ano 2015, segundo memoria achegada, en particular, as realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2015, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento do local social necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.-Que o Concello de Vigo prevé, no capítulo IV ("Transferencias correntes") do seu vixente orzamento municipal (2015), aprobado definitivamente o 13/06/14 (BOP Núm. 118, do venres 20/06/14), e obxecto de prórroga para o exercicio 2015, en virtude da resolución do Alcalde, de data 22 de decembro de 2014, prevé a partida orzamentaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro".

VII.- As actividades programadas pola Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" para o 2015, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento do local da entidade, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

- Terapia psicolóxica
- Terapia Psicopedagóxica
- Clases de apoio
- Terapia asistida con cans
- Curso psicoeducativo e coaching para adultos con TDAH
- Charlas en colexios
- Terapia para pais

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade realizadas entre xaneiro e outubro de 2015, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento do local social, necesarios para o seu desenvolvemento, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL (xaneiro-outubro)	
Aluguer local social	15.000,00 €
Electricidade	1.250,00 €
Auga	250,00 €
TOTAL	16.500,00 €

IX.- Que a entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" non incorra en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito socioasistencial, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" comprométese a colaborar coa concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

- 1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*
- 2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
- 3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- 5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, a balance económico anual.*
- 6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
- 7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.*
- 8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1. Conceder directamente á entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" unha subvención por importe de 4.000 € (catro mil euros), con cargo a*

partida orzamentaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro", do vixente orzamento municipal prorrogado, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento do local da asociación, necesarios para o desenvolvemento das súas actividades entre o 01/01/15 e o 31/10/15, en definitiva, para o seu fomento.

2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA".

3. Colaborar na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co art. 18.1 da Lei Xeral de Subvencións.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non incorrer en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA".

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarase, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2015 (01/01/15-31/10/15).

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 31 de outubro de 2015.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.

9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.

- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Participación Cidadá, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5053 61 3040021147 (ABANCA)

Décimo primeiro- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2015, no período comprendido entre o 01/01/15 e o 31/10/15.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.

Décimo segundo- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei

de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Participación Cidadá.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2015, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2015.

Polo Concello de Vigo:
O Alcalde,

Abel Caballero Álvarez

Pola Asociación de Niños con Hiperactividad y
Déficit de Atención "ANHIDA":

O presidente,
Ricardo García Díaz

9(1173).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2015. EXPTE. 45439/212.

Mediante escrito de data 5.10.15, en cumprimento do disposto na base 31ª das do orzamento vixente, o concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade dá conta da relación de expediente de contratación de gasto menor tramitados pola Policía Local,

correspondente ao terceiro trimestre do ano 2015 (xullo, agosto e setembro), que son os seguintes:

Expte.	Partida	CM	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data Rc	Importe
44888-212	13202211000	SUB	Produtos limpeza e aseo	-	07/08/15	12/08/15	500,00 €
44935-212	13202200201	SUB	Material informático non inventariable	-	07/08/15	12/08/15	500,00 €
44393-212	13202200201	SUB	Sistema operativo microsoft windows	Win Tres Computer Vigo	20/07/15	30/07/15	199,00 €
45053-212	13202279910	SER	Curso conducción segura veh. Policiais	Autoescuela Otto	20/08/15	28/08/15	2.160,00 €
45028-212	13202330000	SER	Curso actualización nova LO protección seguridade cidadá	Ramiro Rodríguez Pego	20/08/15	01/09/15	1.080,00 €
44318-212	13202330000	SER	Curso iniciación em materia disciplinaria	José Domingos Barreiros Fernández	19/07/15	30/07/15	600,00 €
45032-212	13202330000	SER	Actualización em materia procesual penal	David Calzada Rodríguez	20/08/15	01/09/15	1.440,00 €
43203-212	13202270602	SER	RC complementario recollida mostras saliva	Drager Safety Hispania AS	15/09/15	21/09/15	5.190,84 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

10(1174).- PRODUTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO MUNICIPAL SIN SER OFICIAL CONDUTOR DO PERSOAL DO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS, 4º TRIMESTRE 2014 – 1º TRIMESTRE 2015. EXPTE.27007/220.

Visto o informe de fiscalización do 30.09.15, dáse conta do informe-proposta do 4.09.15, e ampliación de informe do 30.09.15, da técnica de Formación de Recursos Humanos, conformados pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Area de Xestión municipal e persoal, que di o seguinte:

Recíbense no Servizo de Recursos Humanos, debidamente asinado polo Xefe do servizo e o Concelleiro delegado correspondente, informes do servizo de Montes, Parques e Xardín, que conteñen relación do persoal que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por conducción de vehículo municipal sin sen oficiais conductores, correspondentes ao 4º trimestre de 2014 e 1º trimestre-2015.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira, apartado g) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente na actualidade, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a actividade extraordinaria derivada da conducción de un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe de 3'38 €/mes. Para ter dereito á percepción deste complemento será preceptivo o desempeño destas funcións por tempo superior ó 50% de cada respectiva xornada diaria.

Da análise da documentación comprobouse a existencia de relacións do persoal dos distintos servizos propostos para o aboamento do complemento de produtividade, con indicación

individualizada dos días traballados e importes según o estipulado na instrucción precitada así como o vehículo utilizado, número de flota. Así mesmo as xefaturas de servizos informan dos traballos desenvolvidos utilizando os vehículos referenciados en ditos informes no primeiro trimestre do ano 2015. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva utilización de ditos vehículos polos efectivos municipais asignados á unidade, con indicación expresa das datas na que foi realizada a actividade laboral.

Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 920.01500000, efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as "INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a "MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓN. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Productividade", PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por utilización de vehículo lixeiro sin ser oficiais conductores, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo de Montes, Parques e Xardíns obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado g) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, correspondentes ao 4º trimestre de 2014 e 1º trimestre-2015, polas cantidades que figuran nas relacións contidas nos documentos 150013547 e 150040939, que forma parte inseparable do presente acordo, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- "Productividade", por importe de 3251,56 €.

N.P.	Nome	4º Trim 14	1º Trim 15	Total
11469	Dominguez Casales, Joaquin	40,56 €		40,56 €

N.P.	Nome	4º Trim 14	1º Trim 15	Total
13592	Gil Barros , Alfredo	196,04 €	16,90 €	212,94 €
13630	Vazquez Area, Miguel	16,90 €	84,50 €	101,40 €
13793	Pereira Alonso, Jose Carlos	206,18 €	145,34 €	351,52 €
13994	Ballesteros Barcia, Jose antonio	20,28 €	27,04 €	47,32 €
16194	Lodeiro Covelo, Jose Antonio	27,04 €	206,18 €	233,22 €
16290	Gonzalez Seoage, Manuel	192,66 €	121,68 €	314,34 €
16308	Conce Rodriguez, Alfonso	209,56 €	192,66 €	402,22 €
16314	Lopez Arjona, Francisco Javier		6,76 €	6,76 €
17555	Sanchez Vicente, Gerardo	131,82 €	192,66 €	324,48 €
17800	Perez da Silva, Eduardo A.	185,90 €	185,90 €	371,80 €
79371	Casas Iglesias, Alfonso	13,52 €	192,66 €	206,18 €
80331	Freiria Rodriguez, Benito	199,42 €	206,18 €	405,60 €
81573	Martinez Perez , Adrian	13,52 €		13,52 €
81652	Garcia Alonso, Oscar	77,74 €		77,74 €
82151	Fenandez Monje, Gonzalo	141,96 €		141,96 €
				3.251,56 €

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

AMPLIACIÓN DE INFORME

A vista do informe da Intervención Xeral de data 30/09/2015 ao expediente 27007-220 "Produtividade por condución de vehículo municipal sin ser oficial condutor do persoal do servizo de Parques e Xardins 4º Trimestre 2014- 1º Trimestre ", informase que:

A documentación remitida polo servizo de Montes , Parques e Xardins (Doc 150013547) e Doc 150040939), corresponde a proposta de aboamento a persoal de dito servizo, dun complemento de produtividade, segundo a vixente Instrucción Terceira, apartado g) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, na que se establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a actividade extraordinaria derivada da condución de un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial condutor, por un importe de de 3'38 €/mes. Para ter dereito á percepción deste complemento será preceptivo o desempeño destas funcións por tempo superior ó 50% de cada respectiva xornada diaria.

Na mesma incluese:

–Instrucción de servizo asinada polo Xefe do servizo e conformada polo Concelleiro da Area no que se relaciona o persoal autorizado que, no desempeño das tarefas do posto de traballo non sendo oficias conductores, deban utilizar vehiculos municipais (tractores, dumpers, etc)

–Xustificacion por parte do servizo da conducionde vehiculo municipal , que conten nº de persoal, nome e matricula do vehiculo, asinada polo Xefe do Servizo e conformado polo Concelleiro delegado da Area

–Relacion individualizada do persoal proposto para o aboamento de incentivo de produtividade, que conten data, nº de vehiculo, Modelo e matricula, asinada polo capataz de Parques e Xardins e o xefe de dito servizo, coformado polo Concelleirod elegado da Area

–Declaracion xurada de cada un dos empregados municipias propostos sobre a efectiva realizacion dos servizos indicados

Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva utilizacion de ditos vehículos polos efectivos municipais asignados á unidade, con indicacion expresa das datas na que foi realizada a actividade laboral.

En consecuencia, vistas as consideracións e informe de fiscalizacion da Intervencion Xeral Municipal de data 30/09/2015 nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, proponse a adopción do seguinte:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por utilización de vehículo lixeiro sin ser oficiais conductores, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura ds servizo de Montes, Parques e Xardins obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado g) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, correspondentes ao 4º trimestre de 2014 e 1º trimestre-2015, polas cantidades que figuran nas relacións contidas nos documentos 150013547 e 150040939, que forma parte inseparable do presente acordo, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- “Productividade”, por importe de 3251,56 €.

N.P.	Nome	4º Trim 14	1º Trim 15	Total
11469	Dominguez Casales, Joaquin	40,56 €		40,56 €
13592	Gil Barros , Alfredo	196,04 €	16,90 €	212,94 €
13630	Vazquez Area, Miguel	16,90 €	84,50 €	101,40 €
13793	Pereira Alonso, Jose Carlos	206,18 €	145,34 €	351,52 €
13994	Ballesteros Barcia, Jose antonio	20,28 €	27,04 €	47,32 €
16194	Lodeiro Covelo, Jose Antonio	27,04 €	206,18 €	233,22 €
16290	Gonzalez Seoage, Manuel	192,66 €	121,68 €	314,34 €
16308	Conce Rodriguez, Alfonso	209,56 €	192,66 €	402,22 €
16314	Lopez Arjona, Francisco Javier		6,76 €	6,76 €
17555	Sanchez Vicente, Gerardo	131,82 €	192,66 €	324,48 €
17800	Perez da Silva, Eduardo A.	185,90 €	185,90 €	371,80 €
79371	Casas Iglesias, Alfonso	13,52 €	192,66 €	206,18 €
80331	Freiria Rodriguez, Benito	199,42 €	206,18 €	405,60 €
81573	Martinez Perez , Adrian	13,52 €		13,52 €
81652	Garcia Alonso, Oscar	77,74 €		77,74 €
82151	Fenandez Monje, Gonzalo	141,96 €		141,96 €
				3.251,56 €

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida na precedente ampliación de informe.

11(1175).- RECLAMACIÓN PREVIA Á VIDA XURISDICCIONAL LABORAL EN MATERIA DE CANTIDADES DE D. JESÚS MANUEL GARRIDO MARCOS (RETRIBUCIÓN GRUPO C1 E ABOAMENTO DE CANTIDADES POR DIFERENCIAS SALARIAIS 2013, 2014 E 2015). EXPTE. 26741/220.

Visto o informe de fiscalización do 2.10.15, e a ampliación de informe da xefa do Servizo de Recursos Humanos do 13.10.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 24.09.15, conformado polo concelleiro-delegado de área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 02/06/2015 (documento nº 150070605) D. JESÚS MANUEL GARRIDO MARCOS, empregado público municipal do Concello de Vigo en réxime laboral fixo, adscrito ao posto de traballo de xefe de quenda de limpeza, e destino no Servizo de Limpeza, presenta reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en concepto de reclamación de cantidades.

O reclamante manifesta no escrito indicado que realiza unha serie de funcións que entende corresponden á categoría superior de capataz, subgrupo C1 de titulación, reclamando, en consecuencia, un importe económico de 6.103,19 euros, correspondente a diferencias salariais por servizos prestados nos anos 2013,2014 e 2015 ata a data de presentación da reclamación previa, xunto coas cantidades que se devenguen, cun recargo do 10%.

2.- Solicitado informe técnico, emitido en data 15/06/2015, que obra incorporado ao expediente administrativo, no mesmo indícase o seguinte:

“En data 02/06/2015 o empregado municipal D Jesus Manuel Garrido Marcos, con DNI 36036170-T e nº de persoal 15527 presenta no Rexistro Xeral do Concello reclamación previa do seu dereito a percibir as retribucións pertencentes ao grupo C1 de titulación correspondentes ao posto de Capataz, por corresponderse as funcións de dito posto coas efectivamente realizadas e que ascenden, según o reclamante a cantidade de 6103.19 € correspondentes aos anos 2013, 2014 e 2015 ata a data de presentación da solicitude así como as pertinentes en tanto non cambien as actuais circunstancias. Solicita igualmente o recargo do 10% das cantidades solicitadas.

O empregado municipal D Jesus Manuel Garrido Marcos figura adscrito ao posto Codg 111 “Xefe de Quenda Limpeza” no servizo Codg 252 “Limpeza Viaria” dende o 01/01/2008.

O xefe do Servizo de Limpeza, en data 02/03/2012 solicita a creación no Servizo dun posto de Capataz ante a necesidade de dirixir, coordinar e supervisar ao persoal do servizo así como o persoal que nos meses de verano se adica a limpeza e coidado dos areas da cidade e dos seus accesos. Así mesmo e mentras non se dote do posto de Capataz a este Servizo, a xefatura solicita a compensación económica para D Jesus Manuel Garrido Marcos polo desempeño das funcións do posto superior “Capataz”. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 19 de abril de 2013, acordou ou otorgamento ao referido empregado pola realización das funcións de superior categoría ao longo do ano 2011, recollidas no informe do Xefe do servizo, un complemento de produtividade por importe de 1340.10€.

En data 01/04/2014 dito empregado municipal solicita a transformación da súa praza e posto en Capataz (Subgrupo C1) nos orzamentos do ano 2014. Na mesma data solicita o aboamento dun complemento de produtividade, polo desempeño de funcións de categoría superior, semellante ao aprobado para o persoal con posto de “Capataz”. Ditas peticións foron dilixenciada ao concelleiro delegado de Xestión Municipal para instrucións ao respecto.

O 03/03/2015 o Xefe do Servizo de Limpeza reitera a súa petición de creación dun posto de Capataz no Servizo, xa realizada en escritos de datas 02/03/2012 e 03/06/2013, e a compensación económica ao traballador mencionado mentras non se cree, polo desempeño das funcións do posto solicitado, sendo remitida a mesma ao Concelleiro delegado de Xestión Municipal.

En relación coa necesidade de dotar ao Servizo de limpeza dun posto de Capataz, informase que:

Os postos de capataces son os responsables e supervisores dun equipo de operarios aos que se lle asigna a execución material de diferentes traballos. Realizan as funcións de supervisión organizando o traballo, facilitando as instrucións para o correcto desenvolvemento das tarefas nos tempos propostos e cos recursos dispoñibles. Entre as funcións a desenvolver atópanse:

- Organización dos procesos e a mecánica dos traballos encomendados*
- Control e seguimento da execución dos traballos*
- Control e organización do traballo do equipo, dacordo as ordes recibidas.*
- Realización de propostas de procedementos, materiais e técnicas, así como o asesoramento dos membros do equipo de traballo*

1.Recepción e organización de materiais, talleres, almacens, etc...

2. Control do cumprimento das medidas de prevención de riscos laborais por parte dos componentes do equipo

3. Control dos medios e maquinaria

4. Supervisión e verificación dos procesos e resultados dos traballos encomendados.

Así mesmo, esíxese ao persoal adscrito a estes postos ter unha serie de capacidades tales como son a capacidade de abstracción, de organización, de liderazgo e dotes de mando e de resolución xa que nestes intres non existe na Relación de Postos de Traballo o posto de encargado xeral.

Deste xeito, a Xunta de Goberno Local aprobou a guía de funcións do posto tipo "Capataz" na súa sesión de data 20 de setembro de 2010.

Na Actualidade, na vixente Relación de Postos de traballo atopanse os seguintes postos de "Capataz":

1.- Desinfección: Baixo as directrices do Capataz atopanse 5 Oficiais Desinfectores e 1 axudante de Oficios supoñendo un total de 7 empregados municipais

2.- Taller de Vías e Obras: Atopanse adscritos 3 capataces que teñen baixo a súa responsabilidade 26 persoas en total das que 4 son xefes de equipo, 17 oficias de oficios (carpinteiro, albanel, ferreiro, pavimentador, canteiro e fontaneiro) e 5 axudantes de oficios

3.- Electromecánicos: Dun total de 18 traballadores, 1 es capataz, 1 xefe de equipo, 13 oficias electricistas e 3 axudantes de oficios

4.- Parque Mobil: O persoal adscrito esta composto por 1 posto de capataz, 2 xefes de equipo, 5 oficiais mecánicos, 2 oficias electricistas, 9 condutores palistas, 1 oficias bascula, 43 oficiais condutores, 1 oficial condutor xestor de flota e 1 oficial condutor xestor de acopios e custos, polo que baixo a responsabilidade do capataz atopanse 64 postos.

5.- Xardíns.- Dun total de 34 postos, un é capataz, dous son xefe de equipo, 22 oficias de oficios, 7 axudantes de oficios, 2 operarios e 1 vixiante .

6.- Ao servizo de Limpeza (Codg 252.- Limpeza Viaria, Codg 256 Recollida de residuos e Codg 257.- Residuos Sólidos Urbanos según Orden HAP/419/2014, de 14 de marzo), atopasen adscritos os seguintes postos:

POSTO	Nº
XEFE/A QUENDA LIMPEZA	1
VIXIANTE EN XERAL	1
PEON TRABALLOS EXTERIORES	3
AXUDANTE OFICIOS	3

Polo que o número de postos de persoal fixo a cargo do posible novo posto de Capataz sería de 7 persoas

Amáis ven sendo habitual de xeito anual a realización de nomeamentos interinos por acumulación de tarefas a persoal para limpeza dos arenais. No ano 2014 realizáronse nomeamentos cunha duración de 6 meses a 17 persoas con categorías de operarios peons, oficiais desbrozadores e condutores , estando prevista o nomeamento de 19 no ano 2015. Así

mesmo ven sendo habitual destinar ao servizo de limpeza persoal do plan de emprego municipal.

As competencias municipais recollidas no Artigo 26 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local e na súa redacción segundo a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local en canto a recollida de residuos e limpeza viaria, no caso do Concello de Vigo. atópanse a súa xestión en reximen de concesión administrativa dos servizos de recollida de residuos urbanos e outras recollidas diferenciadas, Limpeza Urbana, Limpeza de Praias, recollida e transporte a recicladores autorizados dos residuos urbanos reciclables, etc,

Dado que a xestión indirecta dun servizo a través dunha concesión administrativa non diminúe de ningún xeito a responsabilidade da Administración polo seu axeitado funcionamento; antes ao contrario, a responsabilidade vólvese especialmente intensa cando o servizo comeza a prestarse por unha empresa privada, tendo que ser analizada a variación da calidade, cantidade, tempo ou lugar das prestacións en que o servizo consista. A Administración constitúese pois en garante da prestación axeitada do servizo público por parte do concesionario e por iso esta obrigada a controlalo.

Deste xeito, propónse o estudo da creación dun posto que tería como funcións principalmente as seguintes:

- *Dirixir, coordinar e supervisar os servizos operativos, así como, as actividades administrativas relacionadas directamente coas súas funcións, para asegurar a súa eficacia.*
- *Avaliar as necesidades de recursos materiais e formular as correspondentes propostas.*
- *Realizar a planificación e coordinación dos servizos , de acordo coas instrucións recibidas.*
- *Levar a cabo a coordinación necesaria cos servizos municipais para procurar unha maior eficacia do seu labor*
- *Asumir as funcións de natureza operativa que se derivan das competencias e responsabilidades do posto de traballo, en concreto, as seguintes:*
- *Informar e asesorar aos seus superiores xerarquicos sobre aquelas materias relativas as súas funcións así como sobre todo aquilo para o que fose requirido.*
- *Impulsar, dirixir e controlar o persoal a seu cargo, planificando e coordinando as tarefas de acordo coas instrucións recibidas do seu superior xerárquico.*
- *Supervisar as actuacións do persoal que estea ao seu cargo, corrixindo as posibles deficiencias que observe, de acordo cos protocolos de actuación recibidos*
- *Distribución do traballo entre o persoal da súa unidade, así como dos instrumentos, maquinaria e materiais necesarios para a súa execución.*
- *Programación, coordinación, supervisión e control do persoal ó seu cargo e dos traballos a realizar de acordo coas ordes e instrucións recibidas dos seus superiores xerárquicos.*

- *Control e responsabilidade da cantidade e calidade do traballo realizado, así como da utilización dos instrumentos, maquinaria e materiais empregados.*
- *Supervisar e instruír se fose preciso ó persoal ó seu cargo nos traballos propios da súa especialidade.*
- *Informar o seu superior sobre a execución dos traballos realizados polo persoal ó seu cargo, ou sobre calquera anomalía presentada durante os procesos de traballo.*
- *Seguimento de ordes de traballos pendentes de executar ou executadas.*
- *Realiza-las actividades que impliquen a responsabilidade dunha tanda ou dunha unidade de traballo que podan ser realizadas por un ou varios traballadores do seu grupo ou grupos inferiores.*
- *Realizar tarefas consistentes no exercicio de mando directo ó fronte dun conxunto de operarios e oficiais de oficios (albanelería, carpintería, electricidade, xardinería, pintura, mecánica, etc.).*
- *Defini-las necesidades de materiais, equipos, ferramentas, etc., necesarios para a realización dos traballos do servizo.*
- *Supervisión e control do almacén do servizo no referente a saídas e entradas de maquinaria, materiais, ferramentas, equipos, etc*
- *Xestión da adquisición de materiais ou ferramentas de pequeno custo ou primeira necesidade, imprescindibles para o funcionamento do servizo e conformado e recepcionado dos mesmos*
- *Velar pola conservación, mantemento e limpeza das dependencias e o material adscrito.*
- *Cumprir e facer cumprir as ordes de xeito dilixente e eficaz, facendo especial fincapé no cumprimento da normativa e instrucións en materia de prevención de riscos laborais.*
- *Control e supervisión, no seu caso, de obras contratadas polo servizo baixo as directrices e supervisión do superior.*
- *Dar as instruccións necesarias ao persoal das empresas concesionarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación,*
- *Por en coñecemento do seu superior as posibles incidencias que poidan presentarse en relación coa prestación do servizo por parte das empresas concesionarias e e axilizar as posibles solucións*
- *Propoñer ao seu superior xerarquico a convocatoria de reunións ao obxecto da correcta planificación do servizo obxecto do contrato, nos termos que mellor convengan aos intereses públicos*

- *Informar ao seu superior e xerarquico sobre o cumprimento das condicions de execucion do contrato*
- *Dirigir instruccions ao persoal das empresas concesionarias sempre que non supoñan a modificación do obxecto do contrato nin se opoña as disposicións en vigor ou das derivadas dos Pliegos e demais docuemntos contractuales*
- *Inspeccionar a parte da prestación do servizo de limpeza, en reximen de concesion, informando ao seu superiores xerarquico*
- *Realizar o control do Plan de prevención de riscos laborais e demais documenatcion que acredite o cumprimento das obrigacions que impoñe a lexislacion vixente en materia de prevención de riscos laborais*
- *Asumir a realización de funcións de natureza xeral vinculadas ao axeitado desenvolvemento das competencias:*
- *Manter informados aos seus superiores xerárquicos no tocante ao avance da súa actividade e da actividade do persoal que teña ao seu cargo.*
- *Atender e informar ao público nas materias que sexan competencia do servizo ou unidade á que pertenza.*
- *Responsabilizarse da produtividade do persoal ao seu cargo.*
- *Efectuar propostas de mellora aos seus superiores en relación cos seus sistemas e procesos de traballo ou en relación con calquera outra área de mellora que se detectara de cara a favorecer un mellor funcionamento do servizo.*
- *Procurar a actualización continua dos seus coñecementos en materia e procedementos necesarios para realizar as funcións do posto de maneira eficiente, dentro dos medios que a Administracion dispoña.*
- *Promover a actualización de coñecementos do persoal que estea ao seu cargo.*
- *Utilizar as aplicacións informáticas correspondentes a súa unidade e promover a súa utilización por parte do persoal que estivera ao seu cargo.*
- *Realizar as funcións recollidas no art. 22 bis.- R.D. 39/97 polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, para a figura de recurso preventivo, no caso de cumprir cos requisitos estipulados e ser proposto pola xefatura de unidade/servizo/area, nos casos en que sexa legalmente esixible segundo os art. 32 bis.- LEI 31/95 de Prevención de Riscos Laborais e art. 22 bis.- R.D. 39/97 polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.*
- *Calquera outra función de análoga natureza que lle sexa encomendada polo seu superior xerárquico dentro do ámbito das súas competencias.*

En relacion coa reclamacion das diferencias retributivas entre os postos "Xefe de Quenda Limpeza" e "Capataz", o Xefe do Servizo de Limpeza no seu escrito de data 02/03/2015 informa que o empregado municipal D Jesus Manuel Garrido Marcos, (N.P.15527) estivo a desempeñar

as funcións correspondentes ao posto de “capataz” no servizo ao longo dos anos 2013 e 2014. As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, establecen que con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia de su titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos. A estos efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independentemente da súa duración. Deberá ser autorizado expresamente pola Alcaldía ou Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal a proposta motivada e xustificada do Xefe do Servizo co conforme do Concelleiro/a delegado/a da Área. A súa duración deberá ser superior a un mes, tendo como límite o 31 de decembro de cada ano, debendose proceder polas xefaturas dos servizos das oportunas redistribucións das tarefas entre os efectivos adscritos ao mesmo ou ben á reasignación ou mobilidade funcional de efectivos.

No caso que nos ocupa non foi dictada Resolución algunha autorizando a encomenda provisionalmente a D Jesus Manuel Garrido Marcos, (N.P.15527), adscrito ao posto Codg 111 “Xefe de Quenda Limpeza” no servizo Codg 252 “Limpeza Viaria”, as funcións de “Capataz”.

As diferenzas retributivas existentes entre os complementos de destino e específico entre ambos postos é de 1,34 €/mes

Posto	CD	CE	GR	Importe mensual CD	Importe mensual CE
CAPATAZ	18	142	C1	394,79	798,90
XEFE/A QUENDA LIMPEZA	18	143	C2	394,79	797,56

Por outra banda, a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 19 de abril de 2013, acordou o outorgamento a D. Jesus Manuel Garrido Marcos, con NP 15527, xefe de turno adscrito ao servizo de limpeza, pola realización das funcións de superior categoría ao longo do ano 2011, recollidas no informe do Xefe do servizo de data 02/06/2012, un complemento de produtividade por importe de 1340.10€ polo desempeño das funcións do posto de capataz no ano 2011.

Basease dito acordo no recoñecemento aprobación con anterioridade polo devandito órgano de compensacións retributivas a diverso persoal que, a causa do retraso nos procesos de promoción interna, ven desempeñando funcións de categoría superior as do posto ao que se atopan adscritos.

Ainda que no servizo de limpeza non exista posto de Capataz e ante a realidade do desempeño de funcións de coordinación, supervisión e control do persoal que o empregado ten ao seu cargo, considerouse a especial responsabilidade e adicación desempeñada, coa conseguinte outorgamento dun complemento de produtividade asimilada a existente a diferenza de retribucións entre as súas retribucións totais e as recoñecidas para os postos de capataz, polo desempeño de funcións de superior categoría.

Dado que os supostos coxunturais e excepciónais non variaron dende o ano 2011, pódese entender que corresponderíalle o aboamento, en concepto de produtividade das diferenzas retributivas totais entre os postos de xefe de turno e capataz, correspondentes aos anos 2013, 2014 e os meses xa devengados do 2015.

Deste xeito, e ao tratarse dun complemento de produtividade realizase o calculo en funcion dos días efectivamente traballados, unha vez descontados periodos de vacacions e asuntos propios e comprobado que non tivo ningunha baixa por I.T. no periodo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 31 de maio de 2015, tengo en conta as diferencias en canto a retribucións básicas e complementarias dos postos de xefe de turno e capataz, corresponderialle, de así estimarse , o abono da cantidade de 3541,19 €.”

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive- a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.

Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamiento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

II.- En canto ao obxecto da reclamación previa en materia de clasificación profesional e diferencias salariais que conforma o fondo do asunto, debe considerarse o contido do informe emitido pola Técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos en data no cal literalmente se sinala, entre outros aspectos, que:

“Dado que os supostos coxunturais e excepcionais non variaron dende o ano 2011, pódese entender que corresponderialle o aboamento, en concepto de produtividade das diferencias retributivas totais entre os postos de xefe de turno e capataz , correspondentes aos anos 2013, 2014 e os meses xa devengados do 2015.

Deste xeito, e ao tratarse dun complemento de produtividade realizase o calculo en funcion dos días efectivamente traballados, unha vez descontados periodos de vacacions e asuntos propios e comprobado que non tivo ningunha baixa por I.T. no periodo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 31 de maio de 2015, tengo en conta as diferencias en canto a retribucións básicas e complementarias dos postos de xefe de turno e capataz, corresponderialle, de así estimarse , o abono da cantidade de 3541,19 €.”

Por tanto, e sempre consonte ao informe técnico indicado, procedería o aboamento dunha serie de cantidades en concepto de produtividade (incentivo económico ao rendemento contemplado na Lei 36/2014, do 26 de decembro, da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, en canto ao réxime retributivo do persoal laboral ao servizo do sector público) en atención ao especial rendemento acreditado.

III.- O desempeño de funcións de categoría superior ten que axustarse ao procedemento establecido nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal, anexas á vixente Relación

de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicadas no BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010.

Nas mesmas, a Instrucción terceira establece expresamente que retribuiranse en concepto de produtividade, entre outros supostos:

“O especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia de su titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos. A estos efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independentemente da súa duración.

Tamén deberá ser autorizado expresamente pola Alcaldía ou Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal a proposta motivada e xustificada do Xefe do Servizo co conforme do Concelleiro/a delegado/a da Area

A súa duración deberá ser superior a 1 mes, tendo como límite o 31 de decembro de cada ano, debéndose proceder polas xefaturas dos servizos ás oportunas redistribucións das tarefas entre os efectivos adscritos ao mesmo ou ben á resignación ou mobilidade funcional de efectivos..

En ningún caso se tramitarán ni autorizarán encomendas verbais realizadas polos xefes da área ou servizos ou polos concelleiros-delegados, sen que exista a petición previa do servizo e o correspondente informe xustificativo.

A realización terá carácter voluntario e deberá existir o compromiso do interesado para realizar as tarefas encomendadas.

O Xefe do Servizo deberá dar conta ao Servizo de Recursos Humanos da finalización da substitución no mesmo día no que se produza.”

En consecuencia, e toda vez que se acredita em informe técnico que “aínda que no servizo de limpeza non exista posto de Capataz e ante a realidade do desempeño de funcións de coordinación, supervisión e control do persoal que o empregado ten ao seu cargo, considerouse a especial responsabilidade e adicación desempeñada, coa conseguinte outorgamento dun complemento de produtividade asimilada a existente a diferenza de retribucións entre as súas retribucións totais e as recoñecidas para os postos de capataz, polo desempeño de funcións de superior categoría” parece procedente estimar parcialmente a reclamación previa formulada, acordando o aboamento dun importe de 3,541,19 euros en concepto de complemento retributivo de produtividade.

IV.- Resulta necesaria a emisión do previo e preceptivo informe de fiscalización previa do gasto que se propón, nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

V.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionaliza-

ción e Sostibilidade da Administración Local; e coa conformidade co Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos da delegación competencial efectuada (Decreto da Ex-cma. Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de datas 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Estimar parcialmente a reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en materia de cantidades formulada en escrito de data 02/06/2015 (documento nº 150070605) D. JESÚS MANUEL GARRIDO MARCOS, empregado público municipal do Concello de Vigo en réxime laboral fixo, adscrito ao posto de traballo de xefe de quenda de limpeza, e destino no Servizo de Limpeza, nos termos do informe técnico emitido ao presente expediente, e en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe proposta que antecede, acordando, en consecuencia, o aboamento dun importe de 3.541,19 euros, segundo informe técnico de data 15/06/2015, desestimando as restantes pretensións formuladas.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao reclamante aos efectos oportunos, así como á Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso) significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer únicamente recurso de reposición no prazo de 1 mes contado ao da notificación ou publicación do presente acordo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1176).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL:

A) AUTORIZACIÓN DE REALIZACIÓN DE 363 XORNADAS DE REFORZOS POR EFECTIVOS DO CORPO DA POLICÍA LOCAL (OUTUBRO 2015). EXPTE. 45321/212.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 30.09.15, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Recíbese no Servizo de Recursos Humanos solicitude de autorización de realización de 363 xornadas de reforzos a realizar no mes de outubro 2015 por efectivos adscritos ao Corpo da Policía Local, formalizada polo Superintendente Xefe do Corpo, e conformado polo Sr. Concelleiro/a-delegado/a da Área de Mobilidade e Seguridade, en aplicación dos requisitos e condicións do Programa para a realización de reforzos por persoal do dito Corpo vixente no presente 2015 (acordo da Xunta de Goberno Local de 23/01/2015). A necesidade de realización das citadas xornadas vén motivada no informe do Intendente Xefe e funcións (Decreto Alcaldía 11/12/2013), e cuantifícase o custe das mesmas nun importe de 77553.14 euros.

2.- Recibida a solicitude e remitida á Intervención Xeral Municipal para a preceptiva fiscalización previa do gasto proposto, en data 29/09/2015 se procede á fiscalización do mesmo.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Segundo o Acordo marco para a realización de xornadas de reforzo por parte dos efectivos adscritos ao Corpo da Policía Local de Vigo, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/12/2013, a proposta formulada polo Superintendente Xefe ten por obxecto:

- Garantir a presenza dun mínimo de 48 funcionarios no turno de mañán durante todo o ano.
- Garantir a presenza dun mínimo de 38 funcionarios no turno da tarde durante todo o ano.

–Procurar nos turnos de mañana e tarde, e no seu caso no da noite para as campañas específicas que poidan establecerse, un incremento medio de catro funcionarios por turno.

–Diseñar e executar con eficacia e eficiencia cantas actuacións específicas resulten do exercicio das competencias propias: controis de velocidade; consumo de alcohol e outras sustancias prohibidas na condución de vehículos; controis sobre os pasos de peóns e cruces regulados con semáforos; controis sobre o uso dos medios de seguridade pasiva na utilización de vehículos; controis específicos en materia de seguridade cidadá –en particular, do fenómeno do botellón; controis sobre a ocupación do dominio público e de protección dos bens públicos; actuacións específicas en materia de violencia de xénero; actuacións específicas en materia de protección do medio ambiente; policía urbanística en canto ao control de actividades sin licenza ou non conformes á mesma; participar no mantemento da orde público nos espectáculos públicos, nas manifestacións e demais supostos de grandes concentracións de persoas, etc).

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva da Xefatura do Corpo a verificación da efectiva realización dos servizos cuxa realización se propón autorizar polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa das datas e efectivos concretos de realización das mesmas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 que recolle grande parte das limitacións impostas polo Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo, e Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público –en desenvolvemento desta última norma, a Xunta de Goberno Local, en sesión do 09/03/2012, adoptou acordo de limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade-.

Deste xeito, a Xefatura do Corpo deberá desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público, sempre atendendo ás especiais circunstancias da actividade policial nas entidades locais e ás características sociodemográficas concorrentes no termo municipal de Vigo.

IV.-A fiscalización previa do gasto efectuada pola Intervención Xeral Municipal en data 29/09/2015, realizada ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, constando incorporada no

expediente administrativo, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 920.0.150.0000 (Productividade),.

V.- A competencia para a autorización de realización de xornadas de reforzo por parte dos efectivos adscritos ao Corpo de Policía Local e conseguinte autorización do gasto inherente está expresamente delegada no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/12/2013

En consecuencia, e á vista dos antecedentes e motivación expostos, efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Autorizar a realización de 363 xornadas de reforzos a realizar no mes de outubro do presente 2015 por efectivos adscritos ao Corpo da Policía Local, segundo a petición formalizada polo Superintendente Xefe do Corpo, e conformado polo Sr. Concelleiro/a-delegado/a da Área de Seguridade, en aplicación dos requisitos e condicións do Programa para a realización de reforzos por persoal do dito Corpo vixente no presente 2015 (acordo da Xunta de Goberno Local de 23/01/2015).

SEGUNDO.- Autorizar o gasto que en tal concepto se derive por un importe total de 77.553.14€, con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.0000 (Productividade) dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2015, nos termos da fiscalización previa do gasto efectuada pola Intervención Xeral Municipal en data 29/09/2015.

TERCEIRO.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conllevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, pola Lei 36/2013, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, sendo responsabilidade directa da xefatura do Corpo a non superación dos límites citados, a salvo de circunstancias de extrema e excepcional gravidade e necesidade, nos termos da lexislación vixente.

CUARTO.- Dispoñer a inclusión na nómina municipal de cada un dos efectivos incorporados ao Programa de reforzos 2015 dos importes que en concepto de produtividade se devenguen como consecuencia da realización dos servizos de reforzo indicados, nos termos da previa relación nominal expresiva e acreditativa de tal extremo que deberá remitir a Xefatura do Corpo ao Servizo de Recursos Humanos a tal efecto.

QUINTO.- Notificar a presente resolución á Xefatura do Corpo da Policía Local, Sr. Concelleiro/a delegado/a da Área correspondente e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

O concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, con data 7.10.15, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

B) AUTORIZACIÓN DE HORAS EXTRAS AO PERSOAL DO SERVIZO DE SEGURIDADE E MOBILIDADE CORRESPONDENTES AOS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2015. EXPTE. 27122/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 6.10.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 02/10/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o servizo de Seguridade e Mobilidade, asinada polo xefe da Área e conformada polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas por parte dos empregados municipais seguintes:

Posto	Servizo	NP	Nome
Inspector	Seguridade e Mobilidade	13652	García Alfonso, Juan Jesús
Oficial	Seguridade e Mobilidade	15303	Roca Dafonte, José Manuel
Oficial	Seguridade e Mobilidade	15480	Bacelos González, José

Por parte do servizo solicitante estímase un total de 48 horas mensuais que suporía un total de 144 horas, a realizar durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2015, para realizar os traballos de inspección da sinalización vertical e horizontal, ocupación de vía pública por obras no termo municipal, informes de reclamacións, queixas e solicitudes de AAVV, empresas e cidadáns en xeral, licenzas para ocupación de vía pública que atinxen ao Departamento.

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 02/10/2015 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

1.-Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poida solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do

xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito ao servizo de Seguridade e Mobilidade, que seguidamente se indica:

Nº Persoal Apelidos e Nome

13652 García Alfonso, Juan Jesús

15303 Roca Dafonte, José Manuel

15480 Bancelos González, José

A presente autorización outórgase nun máximo total de 144 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de outubro ao 30 de decembro de 2015, nos termos dos escritos asinados polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade en data 29/09/2015, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio

económico 2014, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

O concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, con data 7.10.15, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

C) ACEPTACIÓN DA RENUNCIA AO POSTO DE TRABALLO (AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL) DA FUNCIONARIA INTERINA DÑA. ROSA MARÍA GAMALLO REY, CON EFECTOS DE 12/10/2015. EXPTE. 27158/220.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de organización e planificación de Recursos Humanos, do 8.10.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

Con data 7 de outubro de 2015, tivo entrada a través do Rexistro Xeral solicitude presentada por D^a. Rosa María Gamallo Rey (doc. 150127219), a través da cal renuncia con efectos do 12 de outubro de 2015 ao seu nomeamento como auxiliar de administración xeral con cargo a praza.

A interesada foi nomeada funcionaria interina con cargo a praza con data 16/04/2012 por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de abril de 2012, como auxiliar de administración xeral.

De conformidade co previsto no art. 10 en relación co art. 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, o cese do persoal das administracións públicas producirase pola renuncia que deberá ser manifestada por escrito e aceptada expresamente pola Administración.

Por isto, no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no art. 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento o Sr. concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto e o acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada con data 7 de outubro de 2015 por D^a. Rosa María Gamallo Rey, con DNI 35.451.918-V-N, nº de persoal 82180, nomeada funcionaria interina con cargo a praza como auxiliar de administración xeral, con efectos do día 16 de abril de 2012, de

conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo.- A presente resolución notifíquese á interesada, Xefatura da Área de Benestar Social, Xefatura do Servizo de Benestar Social, Xefatura de Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización, Negociado de Seguridade Social e Inspector de Persoal), e Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal, debendo darse conta a Xunta de Goberno Local.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, con data 9.10.15, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

D) INCORPORACIÓN AO SERVIZO ACTIVO DE DNA. IRIA ÁLVAREZ OUTEIRO PROVINTE DE SITUACIÓN DE EXCEDENCIA POR COIDADE DE FILLO, CON EFECTOS DE 13/10/2015. EXPTE. 27148/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 6.10.15, que di o seguinte:

Con data 23 de setembro de 2015 (doc. 150121079), D^a Iria Alvarez Outeiro, con DNI 53.176.152-Z, solicita o reingreso ao servizo activo provinte da situación de excedencia por coidado de fillo con efectos do 13 de outubro de 2015.

Consultado o seu expediente persoal, consta que a interesada foi declarada en situación de excedencia para o coidado dun fillo do 16 de decembro de 2014 ao 15 de decembro de 2015, por resolución da Concellería-Delegada da Área de Xestión Municipal de data 26-11-2014

En consecuencia, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 19/06/2015; así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Autorizar o reingreso de D^a Iria Alvarez Outeiro, con DNI 53.176.152-Z, con nº de persoal 78538, traballadora social indefinida por sentenza que desenvolve as súas funcións no Servizo de Benestar Social, con efectos do 13 de outubro de 2015, provinte da situación de exce-

dencia por coidado de fillo e en consecuencia deixar sen efecto a resolución de 26/11/2014 no que respecta a data de reingreso.

Segundo.- Dar conta da presente resolución ao interesado/a, Xefatura da Área Benestar Social, Xefa do Servizo de Benestar Social, Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social, Técnico de Organización e inspección auxiliar de persoa) aos efectos que procedan.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

O concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, con data 7.10.15, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

E) REDUCCIÓN DA XORNADA LABORAL COA CORRESPONDENTE REDUCCIÓN DE RETRIBUCIÓN DE DNA. IRIA ÁLVAREZ OUTEIRO, CON EFECTOS DE 13/10/2015. EXPTE. 27140/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 9.10.15, que di o seguinte:

A medio de escrito de data 23/09/2015 (doc. nº 150121081), D^a Iria Alvarez Outeiro, con DNI nº 53176152-Z e nº persoal 79538, traballadora social indefinida por sentenza que desenvolve as súas funcións no Servizo de Benestar Social, solicita se lle conceda unha redución de xornada de un unha hora por motivos de conciliación familiar, coa correspondente diminución proporcional do seu salario, a partir do día 13/10/2015.

O Art. 48.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o coidado directo dalgún menor de doce anos, de persoa maior que requira especial dedicación, ou dunha persoa con discapacidade que non desenvolva actividade retribuída, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións que corresponda.

Con data 08/09/2015 pola xefatura do Servizo de Benestar Social, infórmase que pode asumirse esa redución, xa que non afecta as funcións que realiza a interesada.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostenta o Sr. concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal-Persoal por delega-

ción do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 19 de xuño de 2015, sométese a súa consideración, a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Único.- Autorizar a D^a Iria Alvarez Outeiro, con DNI nº 53176152-Z e nº persoal 79538, traballadora social indefinida por sentenza que desenvolve as súas funcións no Servizo de Benestar Social, unha redución de xornada de unha hora coa correspondente redución de retribucións de conformidade co previsto no art. 48.h) da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público e a vista do informe favorable da Xefatura do Servizo, dende 13/09/2015.

A presente resolución notifíquese á interesada, Xefatura do Servizo de Benestar Social, Intervención Xeral, Recursos Humanos (técnico de organización e planificación de RR.HH, Inspector Auxiliar de Persoal e Negociado de Seguridade Social) e dese conta á Xunta de Goberno Local.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, ou calquera outro que se estime procedente en Dereito.

O concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, con data 9.10.15, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

13(1177).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO INICIO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE “ACONDICIONAMENTO, CONSERVACIÓN E ARRANXO DAS INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 71048/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 28.09.15, asinado polo responsable do contrato referido, o técnico superior de Admón. Especial da Área de Fomento e conformado polo asesor xurídico e o concelleiro-delegado, ambos da Área de Fomento, que di o seguinte:

O Contrato do Servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, foi adxudicado á empresa Civisglobal S.L., por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2014.

No Anexo I do Prego de prescrición técnicas inclúense os cadros de prezos de aplicación durante a execución do contrato e no Anexo II a xustificación dos mesmos.

De inspeccións realizadas, tanto polos inspectores do servizo de Vías e Obras como pola contrata de mantemento, foron detectados materiais e unidades de obra que, sendo necesarios executar, non figuran contemplados nos Anexos anteriormente citados.

As follas específicas de contrato (FEC), no apartado 16A, prevé as modificacións económicas do contrato, limitándoas a un 20 % da correspondente anualidade en curso. A modificación que se pretende non afecta á contía económica da anualidade en curso, xa que unicamente se pretende a inclusión de prezos contraditorios no cadro de prezos previstos nos Anexos I e II do P.P.T do contrato.

O P.P.T do contrato, na súa cláusula 5, establece que os traballos que fose necesario realizar e que non estiveran previsión no cadro de prezos, fixaranse de forma contraditoria de conformidade co previsto no art. 234.2 do T.R.L.C.S.P. Á modificación, ademais do anterior precepto lle sexa de aplicación os artigos 211 e 219 da dita Lei.

A modificación do contrato, que supón a introdución de unidades de obra non previstas nos Anexos I e II do P.P.T.P, non supón variación no prezo do contrato nin nas anualidades nel previstas, xa que se se realizarán os servizos de acondicionamento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello, así como obras que se encomenden ao contratista ata o límite presupostario establecido.

Polo exposto, solicítase autorización á Xunta de Goberno Local para o inicio do correspondente expediente de modificación do contrato.

Sométese á consideración da Xunta de Goberno local a adopción do seguinte ACORDO:

Autorizar o inicio do expediente de modificación que non supón variación no prezo do contrato de "Acondicionamento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, adxudicadas á empresa Civisglobal S.L por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2014, para incluír no mesmo materiais e unidades de obra non previstos inicialmente no anexo I do Prego de prescricións técnicas particulares.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.